<ul style="list-style-type: none"> - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.). - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ofrecer múltiples formas de implicación.Ámbito motivacional(o porqué da aprendizaxe)

Ofrecer unha diversidade de opcións para captar o interese do alumnado.

Ofrecer múltiples formas de representación .Ámbito de comprensión (o que da aprendizaxe)

Ofrece diversidade de opcións para manter o esforzo e a constancia.

Motivar o alumnado e implicalo na súa aprendizaxe a partir das súas preferencias, emocións e afectos.

Facilitar a captación e asimilación da información .

Diversificar as opcións para mostrar a información .

Diversificar opcións de comunicación

Ofrecer múltiples formas de Acción e expresión .Ámbito de aplicación (o como da aprendizaxe).

Individualizar o tipo de tarefas de tratamento da información .

Ofrecer opcións diversas para expresarse e comunicarse

Motivar-Activar :pártese dunha situación cotiá que sirva par estimular ao alumnado e contextualizar os coñecementos previos.

Estruturar: constrúense e consolídanse os saberes do alumnado a partir de pautas ,exercicios e tarefas adaptadas ao seu nivel.

Explorar: ofrécéselle ao alumnado a oportunidade de indagar sobre os sus saberes e de avalialos a partir de actividades por niveis de aprendizaxe ou das súas habilidades.

Aplicar-Avaliar:automatízanse os saberes adquiridos a partir de diferentes estratexias en función do seu nivel e avalíanse para readaptar e adecuar ditas estratexias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto
Aula virtual
Xogos comerciais aplicables á materia
Páxinas web vinculadas ao FLE

Os manuais de referencia empregado son Jeu de Mots Plus 3, livre de l'élève e Jeu de Mots Plus 3, cahier d'exercices, da editorial Vicens Vives.

A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta para o alumnado: explicacións, tarefas, avisos...

Empregaránse na aula xogos pensados para a adquisición dalgún contido, como por exemplo os oficios (les métiers).

Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, tradutores, conxugadores, etc.), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

.Adicarase á avaliación inicial as tres primeiras sesións do curso .

.Proporase unha rúbrica de autoavaliación ,que se reutilizará ao longo do curso ,podendo constatar os progresos realizados.

.Levaranse a cabo actividades-individuais e grupais-que permitan avaliar o grao de adquisición das 5 destrezas: comprensión e expresión ,tantpo oral como escrita ,e mediación.

.Proporase algunha proba ,similar ás do DELF escolar ,ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (para constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso),ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (de cara a mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer,salientando aquelas destrezas nas que o nivel é o máis alto e, polo tanto , a distancia a salvar menor).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	20	20	20	20	100
Proba escrita	45	43	30	41	28	41	37
Táboa de indicadores	55	57	70	59	72	59	63

Criterios de cualificación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra , a avaliación é continua , progresiva e sumativa .O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso ,o que serve de recuperación .

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan entre os seguintes :1.1,1.2,1.4,1.5,1.6,1.7,1.9,1.10,1.11.2.1 e 2.2.

Entre as probas ,proporanse probas escritas de comprensión e expresión tanto oral como escrita ,e mediación ,probas de adquisición de léxico e conxugación ,probas de pronuncia ,etc.

Entre as tarefas ,proporanse a realización e exposición de traballos monográficos ,nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da U.D. na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual.

d) Elaborarase unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación:1.3,1.8,1.12,1.13,2.3,2.4,2.5,2.6,3.1,3.2,3.3,e 3.4.

Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e á "traza escrita "

e) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (20%-30%-50%respectivamente).

f) A cualificación trimestral obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas U.D.traballadas en cada trimestre .

g) A cualificación de cada U.D. obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

h) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior ,sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

-A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

-Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.

-Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra , o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado ,tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Rematada a 3ª avaliación , o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación ordinaria, deberá realizar as probas e /ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o mínimo de consecución.As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas .Procede deixar constancia no Informe de atención individualizado.

d) Realizadas as probas e tarefas descritas na línea c),observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria ,de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

e) En xuño ,o alumnado coa materia suspensa, terá un caderno para realizar ,traballando aqueles aspectos nos que non acadaran os obxectivos,por medio de actividades-exercicios que lles axuden a conseguilos.

f) Os alumnos aprobados ,farán proxectos en grupo e actividades de lectura e de comprensión de pequenos textos.

h) O alumnado suspenso ,realizará actividades de reforzo ,apoio e recuperación ata o día da recuperación ,no que terá que alcanzar un mínimo de 5 puntos.As actividades terán un valor de 1 punto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que teña a materia de francés pendente do curso anterior ,se lle facilitarán exercicios do curso anterior ,deberán entregalo no prazo indicado .De non entregar ese traballo ,pasará directamente a facer o exame da materia do curso anterior .

Dado que é unha optativa ,se o alumnado entrega os traballos e ten aprobadas as dúas avaliacións do curso actual , non terá que facer outro exame .Se non cumpre con eses requisitos ,deberá facer un exame no mes de maio ,na data que proporá a xefatura de estudos .

Neste curso ,só hai un alumno coa materia pendente de 2ºESO ,polo que o seu seguimento resulta moi doado.

6. Medidas de atención á diversidade

Como profesora da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas medidas:

a) Colaboración co titor e a xefatura de departamento de Orientación para planificar as actuacións destinadas ao axuste de procesos de ensino e aprendizaxe .

b)Utilización de estratexias para a inclusión ,solidariedade e traballo en equipo ,respecto á diferenza e a convivencia do alumnado,informando ao profesorado titor do desenvolvemento social e educativo do alumnado que atende .

c)A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente ,supervisado polo profesorado titor.

As MAD deben ter carácter preventivo e compensador .A primeira será a AI, é un factor preventivo e que ten como finalidade adaptar as ensinanzas á alumna ,alumno e facilitar a progresión na súa aprendizaxe .

As medidas segundo o perfil do alumnado son :

a)O alumnado permanecerá un ano máis no mesmo curso .

Porase un plan personalizado para adaptar as condicións curriculares e superar as dificultades detectadas

Este plan será elaborado polo equipo docente e coordinado polo profesorado titor .

O plan incluírá a identificación do alumno , a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso ,as medidas do curso anterior e a oferta de medidas extraordinarias .

As familias serán informadas deste plan .

En cada avaliación farase o seguimento e ,se é necesario ,se cambiaría .A final de curso , informarase sobre o desenvolvemento e o seu aproveitamento.

c)O alumnado con necesidades educativas especiais .

Poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos para todo o alumnado .

Impartíranse as clases para que este alumnado poida acceder as explicacións ,materias ,instrumentos de avaliación de xeito normalizado ,sen que a súa discapacidade supoña un impedimento.

Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d)O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e ,ou cultural

.De ser preciso ,proporcionaráselle o material funxible ou non ,que requira seguir con normalidade o discorrer das clases .

.De ser preciso ,ofrecéranse explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer esas desigualdades en orixe .

.De ser preciso xestionarase a participación en actividades extraescolares .

.favorecerase os aspectos en común co resto do alumnado .

.Farase un seguimento da asistencia ,rendemento ,etc co profesorado titor.

e)O alumnado con altas capacidades intelectuais.

.Adaptarase as explicacións e os materiais .

.Proporanse actividades similares aos do grupo de referencia,aínda que cun grao de complexidade superior ,evitando así a desmotivación.

.Evitaranse tarefas repetitivas .

Proporanselle intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e con tarefas de ampliación que sexan creativas.

f)O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado ten dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lles corresponderían .

.Adaptar os materiais e explicacións ,aportando máis das usuais .

.Levar a cabo actividades con material manipulativo ,con soporte audiovisual e dixital..

.Situar a este alumnado estrateéxicamente na aula para observar os seus progresos e procurarlle apoio dos seus iguais.

.Adoptar un traballo en espiral ,retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Dereitos da infancia		X	X	X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación		X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva , significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o desarrollo sostible	X		X			X
ET.5 - Educación para a saúde ,tamén emocional e sexual		X	X	X	X	
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X	X			X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial	X	X			X	X
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Estamos traballando con alumnado co que podemos interactuar máis que cos de 1ºESO .Poden entender mellor todos os temas transversais cos que traballaremos ao longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de ler	No centro adícanse 20 minutos ó día á lectura libre ,farase recomendacións de lecturas adaptadas en francés	X	X	X
Club de lectura	Desde a biblioteca propóñense lecturas de autoras/es francófonos .	X	X	X
Teatro /cine en francés	Se hai oferta ,acudirase ver algunha obra de teatro en francés ou película en V.O,S .	X	X	X
Chandeleur	Arredor do 2 de febreiro celebrarase a Chandeleur , propoñendo a realización e degustación de crêpes		X	
Semaine de la Francophonie	Celebrarase a semana da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés:visionado de película e curtas ,degustación de produtos de países francófonos ,videoconferenciascon falantes nativos ,etc.			X
Fête de la musique	21 de xuño.Pode recrearse no centro en colaboración co departamento de música.Crearanse puntos no centro onde escoitar música ,bailar e tocar ,recreando o que se podería ver esa data en Francia			X
Actividades,exposicións ,certames ou actos culturais	O departamento de francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades,exposicións ,certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudio da lingua estranxeira s	X	X	X
Xogos , actividades e concursos	O departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos ,exposicións ,actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeirasa s	X	X	X
Viaxe a París	O departamento intentará levar ao alumnado de 3ºESO a unha viaxe didáctica a Paris,co fin de coñecer outras cidades e outros tipos de costumes diferentes aos nosos		X	

Observacións:

Creación dunha postal de Nadal nun concurso.

Creación dunha postal de San Valentín para os seus amigos ou namorados.

Presentación powerpoint dunha cidade francesa na 1ª avaliación, personaxe célebre na 2ª e cantante ou grupo musical na 3ª.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Resultados de avaliación
Nivel de satisfacción do alumnado
Adecuación do deseño das U.D.,temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo .
Adecuación da secuenciación e temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades ,temas ou proxectos.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materias didácticos utilizados.
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado ,incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación da proba de avaliación inicial , elaborada a partir dos CA.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba ou dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación de probas e táboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada UD.
Adecuación dos programas de apoio ,recuperación ,etc vinculados ás CA
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción .
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso .
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación ,farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo ,o grao de cumprimento dos obxectivos ,as necesidades ,carencias ,erros e acertos .Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Pretendese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado nos seguintes temas:

- o material proporcionado.
- a práctica docente .
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección .
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación : Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe .Neste sentido ,é preciso recoller información sobre :

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe .

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención á diversidade .
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.
- e) Revisión e melloras que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión ,avaliación e modificación da programación son de 2 tipos:

1. Unha avaliación de progreso :

a) Comprobarase como se produce o axuste de obxectivos ,contidos, criterios de avaliación ,procedementos e actividades á realidade educativa do alumnado ,ás súas necesidades e á realidade das posibilidades educativas do centro.

b) Valorarase tal axuste nas avaliacións ,modificándoo se fose preciso..

2. Unha avaliación final :

a) Prestarase atención á porcentaxe de alumnado que non aprobe o francés.

b) Os erros detectados recolleranse na memoria final como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso.

c) Memoria Final:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas e os factores que influíron.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.

-Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.

-As medidas de atención á diversidade utilizadas.

-Valoración da metodoloxía empregada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO

É un departamento unipersoal polo que farei nas horas de XD o seguimento e a aplicación da programación que quedará reflectido nas actas de departamento.

PROENS

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente ,así como do número de sesións empregadas ,do grao de cumprimento ,dos resultados ,das propostas de mellora.

AVALIACIÓN

Na memoria final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos :

a)Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final ,facendo propostas de reaxustes .

b)Resultados das enquisas por trimestre .Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados .De ser relevante ,poderanse contrastar co número de sesións adicadas .

d)Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente .Analizaranse os aspectos mellor puntuados , buscando extendelaos ,así como os que obteñan peore puntuación , co fin de mellorar de cara ao seguinte curso académico .De ser relevante ,tomaranse acordos sobre a metodoloxía ,temporalización, recursos ,etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Ámbito científico-tecnolóxico	3º ESO	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

Esta programación didáctica, elaborada para a materia de PDC - Ámbito Científico-Tecnolóxico do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto XX/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que xira en torno a tres materias: Matemáticas, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía.

Na materia de Matemáticas os contidos centraranse na aplicación sobre numeración e cálculo en diferentes contextos, a comprensión de aspectos xeométricos, a linguaxe alxébrica e, por último, a interpretación e comprensión de datos e fenómenos aleatorios. Na materia de Física e química abordaranse contidos sobre a estrutura da materia e as súas transformacións así como as interaccións entre os sistemas fisicoquímicos. Completarse o ámbito coa materia de Bioloxía e Xeoloxía permitindo analizar a anatomía e fisioloxía do ser humano adoptando hábitos saudables, finalizando co funcionamento dos sistemas biolóxicos e xeolóxicos.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se levará a cabo: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Ourense (Describir contexto socioeconómico e cultural).

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 9 alumnas e alumnos con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 17 anos.

(Recoller información acerca de ACNEAE, repetidores...).

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os motivos polos que ocorren os principais fenómenos naturais, a partir de situacións cotiás, e explicalos en termos das leis e teorías científicas adecuadas, para poñer en valor a contribución da ciencia á sociedade.	1		1-2-4	1	4	3		
OBX2 - Interpretar e modelizar en termos científicos problemas e situacións da vida cotiá aplicando diferentes estratexias, formas de razoamento, ferramentas tecnolóxicas e o pensamento computacional, para achar e analizar solucións comprobando a súa validez.	2		1-2	1-3	4		1	
OBX3 - Utilizar os métodos científicos, facendo indagacións e levando a cabo proxectos, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.			1-2-3	1-3	4-5		1	
OBX4 - Analizar os efectos de determinadas accións cotiás sobre a saúde, o medio natural e social, baseándose en fundamentos científicos, para valorar a importancia dos hábitos que melloran a saúde individual e colectiva, evitan ou minimizan os impactos ambientais negativos e son compatibles cun desenvolvemento sustentable.			5	4	2	4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Interpretar e transmitir información e datos científicos, contrastando previamente a súa veracidade, e utilizando linguaxe verbal ou gráfica apropiada, para adquirir e afianzar coñecementos da contorna natural e social.	1-2-3		4	1	4	4		3
OBX6 - Identificar as ciencias e as matemáticas implicadas en contextos diversos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións da vida cotiá.			1-2-5	5	5	4	1	2
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza na consecución de obxectivos e a valoración da aprendizaxe das ciencias.			5	2	1-4-5	1	1-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais e traballar de forma cooperativa en equipos diversos con roles asignados que permitan potenciar o crecemento entre iguais, valorando a importancia de romper os estereotipos de xénero na investigación científica, para o emprendemento persoal.	5	3	2-4	3	3	2	2	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O traballo científico na sociedade.	Nesta unidade abórdanse distintos aspectos sobre o traballo científico na sociedade.	40	12	X	X	X
2	Niveis de organización do ser humano.	Nesta unidade imos estudar os diferentes niveis de organización do ser humano dende a célula ata os tecidos, órganos e aparatos. Ademais estudaremos os virus, tan importantes na sociedade actual.	3	12	X		
3	A estrutura e composición da materia.	Nesta unidade tratarase a estrutura atómica da materia, así como a ordenación dos elementos na táboa periódica. Tamén se aprenderá a formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	5	18	X		
4	Números e operacións.	Nesta unidade trabállanse os números enteiros, naturais, racionais e decimais, as	7	36	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Números e operacións.	operacións combinadas, proporcionalidade e as porcentaxes.	7	36	X		
5	Funcionamento do corpo humano.	Nesta unidade estudaremos como funciona o corpo humano. Para iso, centraremos nas funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.	7	36	X		
6	Ecuacións e sistemas.	Nesta unidade trátase a linguaxe alxébrica, a resolución de ecuacións e sistemas.	7	38		X	
7	Os cambios na materia. As reaccións químicas.	Nesta unidade analizaranse os diferentes cambios nos sistemas materiais así como as súas causas e consecuencias. Rematarase a unidade coa interpretación das reaccións químicas e o análise da influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.	4	16		X	
8	Funcións e gráficas.	Nesta unidade trabállanse as funcións e as súas representacións.	5	20		X	
9	Saúde e enfermidade.	Nesta unidade veremos que é unha enfermidade, clasificándoa en infecciosas e non infecciosas. Tamén faremos principal fincapé nos transplantes e doazóns así como nos principais hábitos saudables.	5	20		X	
10	Estatística.	Esta unidade xira arredor do tratamento de datos de cara á elaboración, análise e interpretación de táboas e gráficos.	5	20			X
11	Xeometría.	Esta unidade traballa as áreas e perímetros de figuras planas e tamén as figuras xeométricas planas e tridimensionais.	5	25			X
12	A paisaxe. Os procesos xeolóxicos externos.	Nesta unidade imos estudar cales son os axentes, proceso e factores que condicionan o modelado do relevo. Tamén veremos que e cales son os riscos naturais.	4	15			X
13	A enerxía.	Nesta unidade tratarase a natureza eléctrica da materia relacionándoa coa construción de circuitos eléctricos sinxelos. Ademais tamén se incidirá na importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	3	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O traballo científico na sociedade.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas utilizando o método científico.	TI	100
CA1.2 - Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio.		
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación.		
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc.		
CA1.5 - Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables.		
CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela.		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos.		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. - Identificación e formulación de cuestións. - Elaboración de hipóteses. - Comprobación mediante experimentación. - Análise e interpretación de resultados. - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. - Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia. - Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe. - Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
2	Niveis de organización do ser humano.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA9.1 - Recoñecer e describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as estruturas básicas dos diferentes tipos de células, utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Recoñecer e describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos.		
CA9.2 - Determinar os distintos niveis de organización das células para formar tecidos, órganos e aparatos dun ser vivo utilizando diferentes estratexias de observación.	Determinar os distintos niveis de organización das células para formar tecidos, órganos e aparatos dun ser vivo.	PE	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA9.3 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos, utilizando fontes fiables adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, bulos etc.	Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Niveis de organización. - A célula: estrutura básica e tipos de células. - Os tecidos, órganos e aparatos. - Os virus.

UD	Título da UD	Duración
3	A estrutura e composición da materia.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1.1. - Comprender a estrutura atómica da materia e a existencia de isótopos recoñecendo os modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías.	Comprender a estrutura atómica da materia e a existencia de isótopos.	PE	100
CA7.1.2. - Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica a partir dos seus símbolos recoñecendo os máis relevantes.	Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica a partir dos seus símbolos.		
CA7.2.1. - Identificar os elementos químicos máis comúns así como as súas propiedades diferenciando entre átomos e moléculas.	Identificar os elementos químicos máis comúns así como as súas propiedades.		
CA7.3.1. - Formular e nomear compostos sinxelos e binarios seguindo as normas IUPAC.	Formular e nomear compostos sinxelos e binarios.		
CA7.4 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema.	Baleiro	0
CA7.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.			
CA7.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Teoría cinético-molecular: aplicación e explicación das propiedades máis importantes dos sistemas materiais. - Composición da materia. - Aplicación dos coñecementos sobre a estrutura atómica da materia para entender a formación de ións, a existencia de isótopos, o desenvolvemento histórico do modelo atómico e a ordenación dos elementos na táboa periódica. - Valoración das aplicacións de elementos e compostos químicos de relevancia, a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas. - Formulación e nomenclatura de substancias químicas simples e compostos binarios inorgánicos segundo as normas da IUPAC.

UD	Título da UD	Duración
4	Números e operacións.	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada con números e operacións, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	PE	100
CA2.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema de números e operacións utilizando a xerarquía de operacións, os datos e información achegados.		
CA2.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema aritmético.		
CA2.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara en problemas aritméticos.		
CA2.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, mantendo unha actitude crítica.	Identificar a información científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa aritmética.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Números e operacións.
 - Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais.
 - Representación e ordenación de números na recta numérica.
 - Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos.
 - Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais (suma, resta, multiplicación, división e potencias con expoñentes enteiros).
 - Propiedades das operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais.
 - Resolución de problemas elixindo a representación máis adecuada dunha cantidade.
 - Estratexias de cálculo mental, de forma manual ou con calculadora.
 - Relacións inversas (adición e subtracción, multiplicación e división, cadrado e raíz cadrada): utilización na resolución de problemas.
 - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá, adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Interpretación de números grandes e pequenos.
 - Recoñecemento da notación científica.
 - Orde de magnitude.
 - Uso da calculadora na representación de números en notación exponencial e científica.
- Factores e múltiplos: relacións e uso da factorización en números primos na resolución de problemas.
- Razóns e proporcións: comprensión e representación de relacións cuantitativas.
- Relacións de proporcionalidade directa e inversa.
 - Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa e inversa.
 - Interpretación da constante de proporcionalidade no contexto dado.
 - Resolución de problemas de proporcionalidade: escalas, cambio de divisas etc.
- Porcentaxes.
 - Comprensión e uso en diferentes contextos.
 - Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns, como rebaixas, descontos, impostos, taxas etc.
 - Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns.

UD	Título da UD	Duración
5	Funcionamento do corpo humano.	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA9.4 - Recoñecer e identificar órganos, aparatos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais describindo os principais procesos que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia.	Recoñecer e identificar órganos, aparatos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais.	PE	100
CA9.5 - ecoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras.	Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As funcións vitais no ser humano. - Función de nutrición. Dixestión, respiración, circulación e excreción. - Función de relación. Os órganos sensoriais. Sistema nervioso e endócrino. - Función de reprodución. Métodos anticonceptivos e prácticas sexuais responsables.

UD	Título da UD	Duración
6	Ecuacións e sistemas.	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada con ecuacións e sistemas, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	PE	100
CA5.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema alxébrico utilizando métodos de resolución de ecuacións e sistemas, os datos e información achegados.		
CA5.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema alxébrico.		
CA5.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara en problemas alxébricos.		
CA5.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a información científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa álgebra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Linguaxe alxébrica. - Comprensión do concepto de variable. - Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica. - Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao. - Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes. - Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. - Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións.

UD	Título da UD	Duración
7	Os cambios na materia. As reaccións químicas.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1.3. - Distinguir entre os cambios físicos e químicos na vida cotiá relacionándoos coas causas e as consecuencias que teñen.	Distinguir entre os cambios físicos e químicos na vida cotiá.	PE	100
CA7.1.4. - Deducir a Lei de conservación de masa e comprobar a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións mediante experiencias sinxelas no laboratorio ou aplicacións virtuais interactivas.	Deducir a Lei de conservación de masa e comprobar a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións.		
CA7.2.2. - Identificar os reactivos e produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	Identificar os reactivos e produtos de reaccións químicas sinxelas.		
CA7.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados.		
CA7.4 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema.	Baleiro	0
CA7.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.			
CA7.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan os sistemas materiais para relacionalos coas causas que os producen e coas consecuencias que teñen. - Reaccións químicas. <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación das reaccións químicas no ámbito macroscópico e microscópico. - Aplicación da lei de conservación da masa. - Análise dos factores que afectan á velocidade das reaccións químicas de forma cualitativa. - Experimentación cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, composición e clasificación.

UD	Título da UD	Duración
8	Funcións e gráficas.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada con funcións e gráficas, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	PE	100
CA5.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando as funcións e as súas representacións gráficas para interpretar os datos e a información achegados.		
CA5.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das respostas dadas e a coherencia das conclusións extraídas na análise de representacións gráficas de funcións.		
CA5.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara dando resposta a cuestións variadas relacionadas con funcións e as súas representacións gráficas.		
CA5.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a información científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coas funcións e as súas representacións gráficas, mantendo unha actitude crítica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Padróns e sucesións. <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de estruturas numéricas e gráficas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. - Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas etc. - Relacións e funcións <ul style="list-style-type: none"> - Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. - Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante un enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica. - Estratexias para a interpretación e modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de ser analizados utilizando programas e outras ferramentas.

UD	Título da UD	Duración
9	Saúde e enfermidade.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.2. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. (3% da materia)

CA3.2.2. - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. (2% da materia)

CA3.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas analizando criticamente o seu impacto na sociedade. (3% da materia)

CA3.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á solución de situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica. (3% da materia)

CA3.5.2. - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza

eléctrica da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. (3% da materia)

CA3.7. - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns. (3% da materia)

UD 5 Os cambios. A reacción química (22% da materia)

CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. (3% da materia)

CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. (5% da materia)

CA4.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como analizando criticamente o seu impacto na sociedade. (4% da materia)

CA4.3.2. - Empezar iniciativas nas que a física e a química poden contribuír a solucionar problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos. (3% da materia)

CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. (4% da materia)

CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. (3% da materia).

Criterios de recuperación:

O alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por trimestre para recuperar os CA non superados nos trimestres anteriores. Os instrumentos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o CA a recuperar. Procurarase que os CA que teñan carácter transversal (como ocorre coa maioría dos correspondentes á UD 1) se recuperen no marco das distintas UD nas que se poidan desenvolver. Por exemplo, o CA1.6. (Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva) pódese recuperar acadando o nivel requirido en calquera UD.

Unha vez superado o CA substitúese a súa cualificación na táboa de CA avaliados, obtendo a nova cualificación.

O alumnado que teña todos os CA avaliados superados poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación, se así o desexa.

No mes de xuño, e con anterioridade o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados ou, no seu caso, mellorar as cualificacións obtidas sempre que teña todos superados. Os criterios de esta cualificación final serán os mesmos que nas avaliacións parciais.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito garantíranse as seguintes accións.

O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 3º de ESO pendente.

Para tal fin, durante a primeira semana de outubro, o profesorado que imparta Física e Química de 3º de ESO planificará unha reunión co alumnado que teña a dita materia sen superar, na que se lle entregará un documento informativo, aprobado polo departamento, que deberá conter:

1.-Os criterios de avaliación, cos seus mínimos, e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar.

2.-Datos das probas escritas, especificando os CA obxecto de avaliación nelas. Realizaranse tres probas, en datas que non interfiran coas correspondentes ás materias do curso. Unha proposta de partida podería ser:

-Primeira proba na mediados de novembro (1 bloque)

- Segunda proba na segunda semana de febreiro. (2 bloque)
 - Terceira proba na terceira semana de maio .(final, irá coa parte ou parte non superadas con anterioridade
- En calquera caso este calendario precisa dun acordo de centro.

O/A xefe/a de departamento enviará, a través da plataforma Abalar, un comunicado ás familias, indicando a documentación que se lle entregou ao seu fillo/a. De non recibir resposta, enviarase esa documentación á familia por correo certificado.

Ao longo do trimestre, o profesorado responsable do seguimento deberá comunicar á familia a situación do alumno/a vía Abalar, ou ben nas reunións que a familia teña co titor ou titora.

En cada un dos trimestres, xunto cos boletíns de cualificacións comunicaráselle ás familias como é a evolución do seu fillo/a na recuperación da materia pendente.

Os criterios de cualificación son os mesmos que se aplican no curso ordinario. A cualificación asígnaselle ao Criterio de Avaliación e non depende do instrumento utilizado, senón do grao de adquisición do CA. A cualificación será a media ponderada das asignadas a cada CA.

Considerarase que a materia pendente foi superada cando ao rematar o curso a cualificación correspondente á media ponderada dos CA sexa igual ou maior que 5,0.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados.

6. Medidas de atención á diversidade

Garantirase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:

- Proporcionar múltiples formas de representación.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples formas de implicación.

I. Proporcionar múltiples formas de representación.

PAUTA 1. Percepción.

- 1.1.- Ofrecendo diferentes formas de presentación. (Uso de materiais dixitais cuxa presentación poida ser personalizada).
- 1.2.- Ofrecendo alternativas á información auditiva. (Transcricións escritas, subtítulos, gráficos, énfases, etc.).
- 1.3.- Ofrecendo alternativas á información visual. (Proporcionar descricións).

PAUTA 2. Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.

- 2.1.- Clarificando vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descricións de texto alternativas aos mesmos, etc.).
- 2.2.- Clarificando sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, mapas conceptuais, etc.).
- 2.3.- Facilitando a descodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos. (Permitir o acceso a representacións múltiples de notación; por exemplo, fórmula e modelo molecular).
- 2.4.- Promovendo a comprensión entre diferentes idiomas. (Facer que a información clave estea dispoñible en varias linguas, utilizar tradutores).
- 2.5.- Ilustrando a través de múltiples medios. (Utilizar representacións simbólicas para conceptos clave).

PAUTA 3. Comprensión.

- 3.1.- Activando ou substituíndo coñecementos previos. (Utilizar organizadores como mapas conceptuais, métodos KWL, etc.).
- 3.2.- Destacando ideas principais e relacións.
- 3.3.- Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación. (Eliminar elementos distractores, proporcionar múltiples formas de aproximarse ao obxecto de estudo).
- 3.4.- Maximizando a transferencia e a xeneralización. (Integrar ideas novas dentro de contextos xa coñecidos, proporcionar situacións que permitan a xeneralización da aprendizaxe).

II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.

PAUTA 4. Interacción física.

- 4.1.- Variando métodos para resposta e navegación. (Proporcionar alternativas para dar respostas físicas).
- 4.2.- Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio. (Proporcionar acceso a teclados alternativos).

PAUTA 5. A expresión e a comunicación.

- 5.1.- Usando múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias, utilizar redes sociais, etc.).
- 5.2.- Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).

PAUTA 6. As funcións executivas.

- 6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas. (Poñer exemplos de procesos e definición de metas, proporcionar apoios para estimar a súa consecución, visualizar as metas, etc.).
- 6.2.- Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias. (Usar freos cognitivos, chamadas a parar e pensar, revisar portafolio ou similares, proporcionar listas de comprobación para establecer prioridades, etc.).
- 6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos. (Proporcionar organizadores gráficos para recollida e organización de información).
- 6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, mostrar representacións dos progresos, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).

III. Proporcionar múltiples formas de implicación.

PAUTA 7. Opcións para captar o interese.

- 7.1.- Optimizando a elección individual e a autonomía. (Proporcionar ao alumnado posibilidades de elección no contexto ou contidos utilizados para a avaliación das competencias, das ferramentas para recoller e producir información, das secuencias e tempos para completar as tarefas, etc.).
- 7.2.- Optimizando a relevancia, o valor e a autenticidade. (Deseñar actividades e propoñer fontes de información para que poidan ser personalizadas, socialmente relevantes, culturalmente significativas, actividades con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc.).
- 7.3.- Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).

PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.

- 8.1.- Resaltando a relevancia das metas. (Pedir ao alumnado que formule o obxectivo de forma explícita, fomentar a división de metas en obxectivos a curto prazo, involucrar aos alumnos e as alumnas en debates de avaliación, etc.).
- 8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.).
- 8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade. (Crear grupos cooperativos, proporcionar indicadores para pedir apoio a compañeiros e compañeiras, fomentar as oportunidades de interacción, etc.).
- 8.4.- Utilizando o feedback orientado cara á excelencia nunha tarefa. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).

PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.

- 9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación. (Proporcionar avisos, listas, rúbricas que se centren en obxectivos de autorregulación, proporcionar apoios que modelen o proceso para establecer metas persoais, apoiar actividades que propicien a autoreflexión, etc.).
- 9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá. (Proporcionar modelos para xestionar a frustración e buscar apoios emocionais, manexar adecuadamente as fobias, usar situacións reais para demostrar habilidades e para afrontar os problemas, etc.).
- 9.3.- Desenvolvendo a auto-avaliación e a reflexión. (Desenvolver actividades que inclúan medios que permitan ao alumnado obter feedback que favorezan o recoñecemento do progreso e permitan controlar os cambios na conduta dos alumnos e as alumnas).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
<p>ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6</p>	X	X	X	X	X
<p>ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (Obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais...), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA2.4, CA3.5, CA4...</p>	X	X	X	X	X
<p>ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.</p>	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación, así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é substancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 .	X	X	X	X	X
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X

Observacións:

Non se rexistraron observacións

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Galiciencia	Visitarase a feira máis grande de Galicia e asistirase a talleres relacionados co tema a tratar este ano, A madeira		X	

Observacións:

A partir do segundo trimestre realizaranse proxectos relacionados co estudiado, así como algunha saída relacionada co contido do curso

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%)2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%)
2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%)2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 3 (desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems).
Metodoloxía empregada
6.-Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<3), 2 (3), 3(4) e 4(>5).
7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación, medida conforme e ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5.-Organización da aula para executar as programacións. Usando como indicador a accesibilidade do alumnado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%)
Medidas de atención á diversidade
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación, para cada una das PAUTAS que foron desenvolvidas, e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) 4 (>90%).
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
8.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado, medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2 (2), 3(3) e 4(4).

Descrición:

ORGANIZACIÓN DA AULA PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS Responder SI ou NON aos seguintes ítems aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta a resposta dos alumnos e das alumnas aos ítems. ÍTEMS 1.-ACCESIBILIDADE FÍSICA NA AULA 1.1.-Todo o alumnado pode participar en calquera actividade sen atopar dificultades físicas? 1.2.-Todo o alumnado pode coller e manipular obxectos comodamente (uso de material escolar, informático, etc.)? 1.3.-Todo o alumnado pode participar nas actividades na clase ou ter o material necesario sen que llo impidan problemas económicos? 1.4.-As actividades deséñanse para que o alumnado con problemas de saúde poida participar? 2.-ACCESIBILIDADE SENSORIAL 2.1.-Todo o alumnado pode acceder sen dificultades, a través dos sentidos, á

información necesaria para realizar actividades, manipular obxectos e desprazarse polas contornas? 2.3.-No caso de que algún alumno ou alumna teña problemas de hipoacusia, cegueira, baixa visión, daltonismo, hipersensibilidades sensoriais, tipo táctil..., téñense en conta as súas necesidades no deseño de actividades na aula? 3.-ACCESIBILIDADE COGNITIVA 3.1.-O alumnado entende as actividades, comprende o que pasa na aula e sabe utilizar os materiais necesarios para realizar esas actividades? 3.2.-O deseño e contido da actividade trata de eliminar calquera posible prexuízo, parcialidade ou trato inxusto? 3.3.-O alumnado sabe o que vai facer e o que se lle vai a pedir? 3.4.-O tempo/horario e as actividades a realizar están visibles? 3.5.-Os materiais e o contido da actividade teñen en conta a perspectiva de xénero? E as diferenzas culturais? 3.6.-Os materiais e recursos da aula están organizados e etiquetados? 3.7.-Todo o alumnado sabe atopar e gardar o material no seu sitio? 3.8.-No caso de que algún alumno ou alumna requira algún apoio ou axuda específica para a comunicación, tense en conta no deseño das actividades? 3.9.-Todo o alumnado pode comunicarse na clase sen ningún problema ocasionado por descoñecemento das linguas vehiculares? 4.-ACCESIBILIDADE EMOCIONAL 4.1.-O alumnado síntese capaz de realizar as actividades que se propoñen na clase? 4.2.-No caso de ter algún alumno ou alumna con historia de fracaso escolar, téñense en conta as súas necesidades no deseño das actividades de aula? 4.3.-No caso de que algún alumno ou alumna estea vivindo unha situación que poida supor unha barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula? 4.4.-Se chega alguén novo ao grupo, cóntase cun protocolo de acollida? 4.5.-Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula? 4.6.-Hai procedementos de resolución de conflitos? 4.7.-Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado? 6.- APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPONIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS. Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta as respostas do alumnado aos ítems. ÍTEMS 1.-Utilízase o aula virtual? 2.-Utilízase a biblioteca? 3.-Utilízanse os laboratorios? 4.-No caso de que existan, participase nos proxectos de internacionalización do centro? 5.-Participase nos proxectos formativos do centro? 6.-Colabórase co club de ciencias, de lectura ou similares? 7.-Participase en actividades en colaboración co concello (educación viaria, biblioteca municipal, actividades culturais...) ou con outras institucións do contorno? 7.-PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). ÍTEMS 1.-Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinálase tanto o que fixo ben como os erros cometidos? 2.-Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a en particular? 3.-Téntase que a retroalimentación sexa o máis inmediato posible para o alumnado con menor competencia nesa tarefa? 4.-Dilátase a retroalimentación para o alumnado con maior competencia? 5.-Ao sinalar un erro indícase en que se equivocou e dáse algunha pista de como resolvelo correctamente? 6.-Cando o alumnado o necesita, exemplifícase o proceso paso a paso? 7.-Facilítanse pautas de corrección, rúbricas... para que o alumnado poida autoavaliar o seu traballo? 8.-Realízanse frecuentemente actividades de autoavaliación e coavaliación na corrección de exercicios? 9.-En ocasións pídeselle opinión ao alumno ou alumna acerca de que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis? 10.-Anímase ao alumno/a a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como estou ao facer e como o fixen? 8.-COORDINACIÓN DO PROFESORADO Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON). ÍTEMS 1.-Deséñanse tarefas interdisciplinarias? 2.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de avaliar criterios de avaliación que sexan comúns a diferentes materias? 3.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais? 4.-Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación. Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademais da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade. Como indicador de logro do grao de desenvolvemento e adecuación da programación propónse un baseado no seguimento de cada unidade didáctica (data de inicio e final, sesións previstas fronte a sesións realizadas e grao de cumprimento) e o éxito académico acadado tras cada avaliación ponderando entre 1 e 4 do seguinte xeito: 1. Desenvolveuse menos do 90% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems que se recollen a continuación nesta descrición. 2. Desenvolveuse o 100% e acadou menos de 3 nalgún dos ítems. 3. Desenvolveuse máis do 90% e acadou máis de 3 nos ítems. 4. Desenvolveuse o 100% e acadou máis de 3 nos ítems. Os ítems de aprendizaxe son os seguintes: -Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%). -Aprendizaxes acadadas polo alumnado.

Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%). -As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación para cada unha das PAUTAS que foron desenvolvidas ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%). En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora. Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

O desenvolvemento desta materia debe contribuir a que os estudantes se expresen oralmente e por escrito con coherencia e cohesión en relación ao nivel de 3º ESO. Para chegar a este fin é preciso unha proba inicial de diagnóstico que descubra a problemática académica do alumnado. A lingua ten que ser obxecto de reflexión e coñecemento progresivo. Polo tanto, entendemos que debe estruturarse en (tres) bloques fundamentais: o discurso, a oración e a palabra. Á reflexión sobre a lingua únese o estudo dos saberes, dos instrumentos e técnicas para a selección, lectura, interpretación e valoración de textos de intención literaria.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os textos e as súas características.	Nesta unidade veremos as propiedades dos textos. A Idade Media e os seus autores formarán parte da reflexión literaria. Gramática e Ortografía-1-2-3	30	35	X		
2	Tipos de textos.	Os textos expositivos e os textos argumentativos. O texto literario: Renacemento, xéneros, obras e autores. Gramática e ortografía 4-5-6	30	35		X	
3	A imaxe e a palabra.	O discurso da prensa. Textos periodísticos de carácter expositivo, argumentativo e visual. A diversidade lingüística. O tempo Barroco e os seus autores. Gramática e Ortografía, 7-8-9.	40	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os textos e as súas características.	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Analizar os elementos da comunicación presentes en situacións comunicativas básicas.	PE	57
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Identificar o tema e as partes dun texto de certa complexidade.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elaborar un repertorio de situacións de comunicación nos diferentes periodos temporais: mañá, tarde, luns a venres, fin de semana... Elexir un periodo determinado e redactar un texto escrito de non máis de seis liñas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Facer un esquema da biografía dunha personalidade relevante do ámbito científico, humanístico, ou deportivo. Buscar información (de xeito guiado) a través de medios dixitais.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	A partir dun modelo concreto (pode ser de poesía, narrativa ou teatro), ser capaz de crear un texto propio.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Escribir un microrrelato (no máis de seis liñas) a partir dunha serie de rasgos lingüísticos determinados.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Correxir os erros nun texto de xeito autónomo. Hai que localizar catro fallos nun total de oito.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Relacionar o tema dun texto cos recursos literarios empregados polo autor. Hai que identificar tres dun total de seis.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Localizar nun mapa xeográfico os territorios onde se falan as linguas peninsulares e os seus dialectos e variantes.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	Inventar un código propio que axude á resolución de enfrontamentos e conflitos na aula.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Elaborar unha lista (sete elementos) que conteña os usos máis comúns en canto aos abusos e á manipulación da linguaxe.	TI	43
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñecer as características xerais do movemento artístico ao que pertence un determinado texto.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado debe referir a súa biografía lectora. Estabelecer una táboa cos títulos e xéneros preferidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Consultar de forma autónoma cinco vocablos nun dicionario especializado ou nunha enciclopedia. Estabelecer unha lista cos rasgos máis relevantes de cada un deles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación.

Contidos

- Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
2	Tipos de textos.	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Interpretar de xeito correcto o contido dun texto oral breve.	PE	72
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Definir a importancia, pero tamén a preocupación sobre o bo e o mal uso da tecnoloxía dixital.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Plntexar un tema de interese ante os compañeiros e realizar un esquema sobre o mesmo.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Ser capaz de comprobar os erros propios nun texto ou actividade escrita.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpretar o sentido global e a estrutura de dous anuncios publicitarios un total de seis.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Relacionar o contexto histórico co tema dunha obra de lectura proposta.		
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

Contidos

- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	LOOKING GOOD/FADS & TRENDS / GOING SHOPPING	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar	PE	90
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar de forma guiada o contido de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto	TI	10
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaçión e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.

Contidos

- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tratarase de motivar aos alumnos/as a aprender inglés subministrándolles as capacidades que necesitan para acadar unha auténtica competencia comunicativa e facilitar a adquisición das competencias clave tales como a competencia para aprender a aprender, competencia dixital, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e conciencia e expresións culturais, recollidas na LOMLOE. Traballarase o desenvolvemento das destrezas de vocabulario, gramática, lectura e estratexias de comunicación e para que amplíen os seus coñecementos sobre temas socioculturais e interdisciplinares.

Centrarémonos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva arredor do mundo real ao aula da ESO para que os alumnos/as reflexionen, non deixen de estar motivados e se expresen en inglés de maneira sinxela e natural.

O ensino secundario obrigatorio na área de Linguas Estranxeiras (inglés) ten como obxectivo desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que asimilam as regras gramaticais do idioma inglés e adquiren o vocabulario básico para comunicarse. Este principio xeral divídese nos seguintes obxectivos específicos:

- Transmitir a estudantes de ensino secundario dun vocabulario útil e necesario para comunicarse en inglés. Para iso, cada unidade é presentada, prácticas e recicla vocabulario relacionado cun determinado tema.

- Explicar expresións inglesas típicas mediante diálogos entre alumnos da mesma idade dos alumnos
- Axudar os alumnos a comprender a gramática inglés e usar a lingua correctamente, con base en explicacións claras e práctica progresiva varios de conceptos simples aos máis complexos.

- Trasladar os alumnos aspectos da cultura británica e fomentar unha comparación coa súa propia cultura a través de seccións específicas de cultura

- Capacitar os alumnos a concentrar-se sobre a vida cotiá e os costumes dos adolescentes británicos, como se comportan en diferentes

contextos ilustrados tanto de Student Book e os vídeos incluídos no curso.

- Capturar o mundo real máis aló da aula, coa axuda de textos e seccións de información dentro das unidades - Proporcionar aos alumnos

ferramentas para expresarse, oralmente e por escrito, sobre temas que consideramos interesantes e motivadores.

Son ofrecidos non só a práctica necesaria, senón tamén axuda a preparar os textos orais e escritos.

- Dar aos alumnos a oportunidade de reciclar e repasar o vocabulario e as estruturas que están aprendendo nas seccións de repaso

- Capacitar os alumnos a valorar o seu propio progreso utilizando diferentes exercicios de autoavaliación de todas as unidades.

- Facer mellores alumnos de linguas, e máis independentes. Se lles anima a utilizar as seccións de referencia (gramática, listas de

vocabulario) e compoñentes multimedia para practicar na casa.

- Contribuír a que os alumnos do ensino secundario gozen das clases de inglés a través dun material como motivador cancións reais, exercicios, incluíndo xogos, crebacabezas, palabras cruzadas, etc, e material multimedia no que van atopar varios xogos .

En cada unidade comézase coa presentación de vocabulario en contexto centrado nun grupo léxico e nun exercicio de expresión oral. O novo vocabulario aparecerá ao longo de toda a unidade, tanto en textos como en exercicios de gramática, de expresión oral e escrita e de comprensión oral, o que ofrece diferentes ocasións para practicalo.

Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nas propias unidades, o cal proporciona unha maneira natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real. A gramática preséntase en cadros explicativos completos e practícase en exercicios motivadores e en contextos concretos.

Inclúense exercicios de comprensión oral para presentar a linguaxe funcional en contexto, actividades de expresión oral paso a paso para practicar empregando a linguaxe funcional dunha maneira auténtica e unha sección de expresión escrita coidadosamente estruturada e que ofrece a práctica de destrezas básicas para a escritura.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Student`s Book

- Unha unidade introdutoria para repasar o vocabulario, a gramática, as estratexias de escritura a linguaxe de clase básicas.

- Seis unidades didácticas claramente estruturadas.

- Contido cultural e interdisciplinar integrado nas actividades da unidade.

- Énfase na aprendizaxe de vocabulario e a súa constante reciclaxe.

- Exercicios de comprensión e expresión orais frecuentes.
- Unha páxina que se centra no inglés funcional que se produce en situacións comunicativas reais.
- Unha sección Grammar Charts and Basics de revisión e práctica da gramática con cadros e exercicios de gramática básica.
- Un apéndice de ortografía.
- Un apéndice de pronuncia con exercicios adicionais.
- Listaxe de verbos irregulares.

Workbook

- Unha unidade de introdución e nove unidades con exercicios graduados de vocabulario e gramática, textos de lectura, exercicios de comprensión oral, diálogos para completar, práctica adicional de escritura.
- Un glosario e unha lista de linguaxe funcional coa súa transcripción fonética e traducidos ao galego.
- Un apéndice gramatical coas explicacións en galego e exemplos bilingües.
- Unha listaxe de verbos irregulares traducidos ao galego.
- Unha guía de escritura con pautas paso a paso que farán máis doada a autocorrección.
- Páxinas Writing Plan para completar cos exercicios de expresión escrita propostos no Student Book.
- Cadros de autoavaliación do estudante na sección Learning Competences.

Páxinas Web relacionadas coa ensinanza do idioma.

Plataforma WEBEX para envío de contidos e actividades extra.

Uso diario do LIBRO DIXITAL a través do proxector .

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No que se refire a avaliación inicial, que se fai a comezos de Outubro, tomamos como referencia os contidos mínimos que tiveron que ser acadados no curso anterior en cada unha das destrezas. Para promover mellores resultados, os primeiros quince días de clase faise un repaso breve dos contidos do ano anterior.

Si os resultados de dita avaliación fosen negativos, faríamos actividades de reforzo para aquel ou aqueles alumnos que non obtiveron os resultados esperados ou, si é o caso, modificaríamos o punto de partida que corresponde o nivel no que se imparte.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	10	35	35	100
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

a. Procedementos e instrumentos de avaliación

1º.- Observación directa e sistemática. Faremos un seguimento de cada alumno mediante a participación nas actividades cotidiás da aula, a interacción e o traballo en equipo, os hábitos escolares, a actitude ante a búsqueda de

información é o dominio dos contidos procedimentais, a progresión na súa aprendizaxe oral e escrita, e mediante todos aqueles aspectos que consideremos oportunos para potenciar o coñecemento da materia.

2º.- Análisis de tarefas e da produción dos alumnos. Farase un seguimento día a día e tomaranse as medidas correctoras, de reforzo, ou de expansión oportunas si son necesarias. Estas tarefas están relacionadas coa programación xeral, e con cada unidade didáctica. Rexistraremos os datos sobre a realización das actividades e as aprendizaxes adquiridas e puntuaranse ata un máximo de un punto mais, ou menos por avaliación.

3º.- Intercambios orais e interrogación. En todas as clases o alumno fará ou contestará a preguntas, diálogos, ou debates mediante os cales identificaremos os coñecementos, contidos actitudinais e as capacidades en xeral.

4º.- Probas específicas. Faranse alomenos unha proba oral e escrita en cada avaliación. Farase un exame de recuperación no mes de Xuño a aqueles alumnos que non superen a materia coa media ponderada da tres avaliacións

b. Cualificación e Promoción

Avaliáanse non só os coñecementos senon o progreso ou o retroceso, o interese pola materia, e a actitude positiva cara a aprendizaxe do inglés.

Haberá unha avaliación inicial- non necesariamente como proba escrita- e unha sumativa.

Ao ser unha materia de avaliación continua, a cualificación da terceira terá un maior peso na nota final, xa que esta última avaliación inclúe os contidos das dúas anteriores. A primeira avaliación terá un valor dun 10%, a segunda avaliación dun 20% e a terceira será o 70% da nota final.

En cada avaliación farase alomenos unha proba escrita, unha escoita e unha proba oral. A proba escrita consta de exercicios gramaticais que poden ser de varios tipos: completar unha frase ou lista, engadir, usar a forma correcta, elixir a forma correcta, usar unha categoría gramatical, coñecer os verbos irregulares etc. Contén exercicios de vocabulario: completar listas, poñer sinónimos e antónimos, usar unha palabra no seu contexto, elixir entre dúas ou varias palabras, facer frases coas palabras dadas etc. Haberá unha lectura comprensiva (reading) onde se contestarán a varias preguntas ben de forma curta, alongada, do tipo de verdadeiro ou falso, completar con unha palabra do texto, buscar un sinónimo ou antónimo, suliñar ou extraer información etc. Haberá unha redacción (writing).

A escoita (listening) será dun texto adaptado o seu nivel e o alumno deberá escoller entre varias opcións, dicir si unha frase e verdadeira ou falsa, ou completar con algunha palabra.

A unha proba oral (speaking) consistirá en contestar a preguntas xerais, expoñer algún tema xa traballado, describir algún debuxo ou imaxe usando estruturas dadas na clase, falar dalgún tema xeral: a familia, os deportes, o tempo etc.

Será necesario o perfecto coñecemento da conxugación dos verbos irregulares.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

O peso cualificativo de cada CRITERIO DE AVALIACIÓN ven determinado polo bloque de contidos o que pertence : reading/writing/speaking /listening, que ten un porcentaxe determinado, que aparece a continuación.

15% Writing : PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA 1.6 + CA1.10 + CA 2.3)

15% Reading: COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3)

10% Speaking: PRODUCCIÓN ORAL , INTERACCIÓN , MEDIACIÓN E INTERCULTURALIDADE (CA1.4 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA3.1 + CA3.2 + CA3.3)

10% Listening: COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1)

40% Grammar: PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA 1.3 +CA1.5 + CA 1.6 + CA1.10 + CA2.1 + CA2.2 + CA2.3)

10% Classwork and Homework ,que valorará o TRABALLO NA AULA E A ENTREGA DAS TAREFAS ENCOMENDADAS PARA A CASA. Cada falta de traballo na aula ou falta de material ou a falta de atención a explicación pertinente suporá a perda de 0,1 puntos e a non entrega de traballo de casa (deberes ou redaccións) suporá a a perda de 0,2 puntos ata o total dun punto. O criterios de avaliación correspondentes a este 10% veranse reflectidos de xeito proporcional segundo o establecido nas outras áreas anteriormente.

No caso de que o alumno copiase nalgunha proba , a súa cualificación será cero .

O alumno só poderá facer un examen fora das datas establecidas no caso de que presente un xustificante médico ou do Xulgado ou por algún imprevisto sobrevenido de causa maior .

O alumno poderá participar no concurso de relato curto realizado polo departamento de inglés. En caso de participar de acordo co establecido anualmente nas bases do concurso, a nota media da segunda avaliación verase incrementada en 0.5/10 puntos.

En canto o libro de lectura, é obrigatorio leelo, e puntuará 0,5 sempre que a proba oral ou escrita supere o 8, si a nota é entre un 6 e 8 puntuará un 0,25, na terceira avaliación.

c. Temporalización:

PRIMEIRA AVALIACIÓN :unidades 1, 2

SEGUNDA AVALIACIÓN: unidades 3, 4

TERCEIRA AVALIACIÓN: unidades 5, 6

Crterios de recuperación:

O remate da 3ª avaliación e ata a avaliación final, entregaremos ós alumnos suspensos un caderno de repaso para recuperación para realizar na clase e na casa no que faremos fincapé naqueles aspectos nos que non acadaron os obxetivos por medio de actividades-exercicios que lles axuden a mellorar e lograr eses obxetivos . No que se refire aos alumnos xa aprobados, faremos proxectos en grupo e actividades de lectura, que lles poidan axudar cara o curso seguinte.

Aquel alumnado que non teña superada a materia realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación durante o mes de xuño ata o día do examen de recuperación, no que terá que alcanzar un mínimo de 5 para superala materia. Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que os indicados para as tres avaliacións parciais salvo que polas características das actividades de recuperación propostas se designen outras que serán comunicadas ao alumno/a previamente. As actividades realizadas nese periodo do mes de xuño tern un valor máximo dun 0,5 en función da súa realización e o grao de consecución .

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En canto a recuperación seguimos o método de avaliación continua, que supón que o longo do curso tomaremos as medidas necesarias para avaliar o alumno e recuperalo.

Os alumnos coa materia pendente daráselle traballo puntualmente que se lles correxirá para amosar os fallos, si os hai, e explicarlle donde e por qué fallaron co gallo de correxir os seus erros, e recomendaráse un libro de exercicios que tamén deben entregar en cada avaliación parcial.

Os alumnos pendentes farán dous probas, unha a finais de xaneiro (que abrange da unidade 1 á 5)e outra a finais de marzo (que abrange da unidade 6 á 9) . Quedará aprobado todo aquel que alcance o 5 de media en estos dous exámes. Aqueles alumnos que non acaden o cinco de media nestes dous parciais, farán unha proba global en maio na data fixada polo xefe de estudos.

O alumno ó que lle quede pendente a materia do ano anterior, terá que facer OBRIGATORIAMENTE o examen dese curso pendente, aínda que teña aprobado o inglés no curso actual.

A aqueles alumnos que necesiten reforzo daráselle traballo adicional adoptando o longo do curso as medidas correctoras que se estimen necesarias.

No libro de exercicios hai material de traballo tanto para os alumnos avanzados como para os que lles costa aprendela materia. Usaránse segundo conveña a cada alumno.

6. Medidas de atención á diversidade

Para comezar tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

A capacidade para aprender a aprender

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas, sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son quen de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Estes son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook pois a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, por un lado ofrecen amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e por outro a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, posto que depende de varios factores: por un lado, do historial de éxito ou de fracaso que tivese até ese momento e, polo outro lado, do proceso de aprendizaxe que se segue. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na maneira máis lóxica e funcional de presentarles todos os contidos.

Para levar a cabo a escolla dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abrangendo non só o punto de vista do profesor/a a través de inquéritos, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades experiencias e contorno.

Os estilos de aprendizaxe

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como ben se sabe, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e porén precisar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar conscienciadamente e aprender máis amodo obtendo o mesmo resultad. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais fanse exercicios e táboas que os axuden a aprender e repasar o presentado paso a paso, ao igual que unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control .

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.

7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico

personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X				
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores			X	X		
ET.6 - A igualdade de xénero						X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde			X	X		
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable			X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.11 - O emprendemento social e empresarial			X		X	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico			X	X		X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas pedagóxicas ou culturais	Asistencia a charlas sobre a cultura anglosaxona ou sobre persoaxes públicos ou de interese para o alumnado.	X	X	X
Posible obra de teatro ou proxección cinematográfica	Asistencia a unha obra de teatro ou proxección cinematográfica no propio centro ou fora do centro.	X	X	
Posible viaxe didáctica	Posible visita cultural a unha cidade de fala inglesa con alumnado que posua un certo nivel no idioma para o seu aproveitamento			X
Certame literario de relatos curtos	Elaboración dunha historia curta en lingua inglesa.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade
2. Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
6. Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
11. Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.

Metodoloxía empregada
3. Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
8. Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
9. Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
10. Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
5. Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
7. Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
12. Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado coa que será traballada.

Nas reunións de Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos, como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, é o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será a final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción ao tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	32
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	38
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	39
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	41

1. Introducción

Unha programación é un mapa, un compás que marca a dirección precisa para chegar ao noso destino. Ten que ser flexible, para cambiar o rumbo no caso de ser necesario; adaptarse ás necesidades e dificultades que poidan xurdir; e ser integradora, acollidora e inclusiva. No ensino, este mapa é de vital importancia. Esta programación ten como obxectivo principal a integración do alumnado con dificultades para lograr a súa motivación na materia de Lingua Galega durante o curso escolar 2022-2023. Cremos que a Secundaria, tal e como está deseñada, é unha etapa democrática; busca nas alumnas e alumnos uns coñecementos e unha maduración nas súas competencias como cidadás e cidadáns críticos, reflexivos, empáticos e dialogantes. É unha etapa obrigatoria que prepara para novos vieiros. Polo tanto, ningún alumno e alumna debe quedar fóra, máis ben todo o contrario. Debe ser a nosa obriga como docentes incentivar durante este traxecto para a conseguir chegar ao final, á Ítaca.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 3º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas denominadas con referencias literarias. Cada unidade iniciarase cunha breve lectura e explicación sobre o título, o que favorece a introdución de textos literarios ao longo da nosa historia e de diferentes grafías que permitirán observar a relación da nosa lingua coa lingua irmá, o portugués. Tamén afonda nos cambios lingüísticos que se deron na lingua galega.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, en especial do catalán e do portugués.

Os proxectos para este curso son:

- Investigar como namoraban as nosas avoas. Despois de estudar as cantigas de amigo e de amor e despois da literatura popular, investigamos no noso contorno familiar para ver as diferentes formas de mocear de antes e de hoxe. Tamén aproveitamos para desbotar os mitos do amor romántico para medrar en relacións igualitarias e libres.

- Afondar na figura de Rosalía de Castro para recreala e actualizala. Dende o día 23 de febreiro, data de nacemento ata o final da 2ª avaliación, imos pescudar e popularizar a unha das nosas escritoras máis universais.

- As últimas semanas do curso destinaranse a preparar unha exposición sobre o SEG, co gallo do seu aniversario. Buscamos mellorar a competencia comunicativa do alumnado e tamén potenciar a súa creatividade e o seu talento artístico: traballaremos, tanto na escrita como na oralidade, afondando na importancia do Seminario de Estudo Galegos, como centro de cultura e investigación. Buscaremos o debate sobre a importancia de desenvolver a nosa vida intelectual e persoal en galego e co portugués como lingua instrumental para a comunicación internacional.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. Propoñemos unha listaxe aberta con títulos nos tres grandes xéneros literarios e de banda deseñada. Pretendemos favorecer a lectura individual, reforzar o espírito crítico e persoal e a recomendación e debate literario entre pares.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	Estamos no mundo!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	PE	20
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas propias.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social.	TI	80
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais de certa complexidade sobre temas de interese persoal, social e educativo, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando un texto final coherente, cohesionado.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión) - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Aí ven o Maio!	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura.	PE	30
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, utilizando o coñecemento da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social.	TI	70
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e de cortesía lingüística.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do tex
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
8	Retrucas?	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	PE	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas propias.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, utilizando o coñecemento da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	TI	45
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	A vida en galego!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade, adoptando un punto de vista crítico.	PE	40
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, en función de temas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a resposta persoal do lector na lectura.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas propias.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade.	TI	60
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Creemos na importancia dun ensino baseado no desenvolvemento das competencias básicas, o obxectivo fundamental da metodoloxía didáctica empregada será que a aprendizaxe das nosas alumnas e alumnos sexa significativa, é dicir, que o que aprendan lles sexa útil para a resolución dos problemas que se lle presenten na vida cotiá. Para conseguilo, poremos ao seu servizo un repertorio teórico entre o que destacamos a metodoloxía construtivista, mais, con todo, non prescindiremos das contribucións de outras formulacións metodolóxicas.

Para planificar esta aprendizaxe significativa, e determinar o grao de competencia que o alumnado posúe para adaptar ou modificar calquera aspecto curricular que se estime oportuno, debemos partir duns principios metodolóxicos. O primeiro deles é ter en conta a existencia de coñecementos previos, independentemente da fonte da que proveñan pero pondo especial interese nos obtidos durante a etapa escolar. Para avaliar estes coñecementos resulta especialmente útil o método interrogativo, con actividades como a choiva de ideas ou o lanzamento de preguntas abertas.

Seguidamente, para lograr que o proceso educativo sexa como nós pretendemos, significativo, debemos conseguir a predisposición do alumnado a aprender. Para iso a metodoloxía debe ser motivadora, activa, participativa, inclusiva, cooperativa e flexíbel, a fin de que as rapazas e rapaces se convertan en axentes protagonistas da súa aprendizaxe, coa vista posta en lograr a súa autonomía na construción do propio coñecemento. Mais isto non exclúe a participación activa do profesorado neste proceso e, por iso, trataremos de combinar o método expositivo -á hora de traballar certos aspectos chave da materia ou de especial complexidade- co método por descubrimento ao propoñerlle a participación en situacións actuais ou a identificación de aspectos relevantes arredor de procesos e acontecementos históricos e literarios e as súas causas e consecuencias, tendo sempre presente a especial realidade que envolve á lingua e á literatura galega. Por último, tamén empregaremos o método demostrativo até que os alumnas e alumnos adquiran as habilidades necesarias para realizar, de xeito autónomo, actividades como poden ser, por exemplo, comentarios literarios ou lingüísticos. En resumo, en canto aos contidos da materia destacarán os métodos heurísticos, indutivos, dedutivos e analóxicos ou comparativos, utilizando un ou outro segundo sexa a finalidade concreta que se busque traballar, así como tamén se pretenderá que todos os contidos se vinculen con contextos reais que demostren a utilidade que pode ter a adquisición destes. Ademais, procurarase que o alumnado coñeza os obxectivos e as competencias que pretendemos que acade e, para iso, visibilizaranse os criterios segundo os cales se avaliará o seu grao de competencia, para que aprendan a auto-responsabilizarse e se involucren ao máximo no seu propio proceso de aprendizaxe. Igualmente, proporase e consultarase co grupo cales serán as normas de convivencia necesarias para que a aula funcione da mellor maneira posíbel.

As actividades

As actividades serán o medio para atinxir os obxectivos educativos que nos fixamos para o curso e para cada unha das unidades didácticas aquí propostas. A súa secuenciación e as súas especiais características desenvólvense segundo sexa a unidade didáctica en que se enmarque, motivo polo que neste momento só nos limitaremos a citalas de xeito global.

Actividades iniciais: pretenden avaliar os coñecementos previos que o alumnado posúe sobre un tema, ao tempo que os intente motivar cara á aprendizaxe de novos contidos. Un exemplo deste tipo de actividade, por exemplo, pode ser a reprodución dunha canción sobre algo xa explicado ou a mostra dun vídeo de impacto.

Actividades de desenvolvemento: están dirixidas a reestruturar e/ou ampliar os coñecementos previos do alumnado mediante, por exemplo, a construción de coñecemento arredor dunha manifestación literaria concreta a partir de fontes de distinto tipo ou a reflexión sociolingüística sobre problemas do presente.

Actividades de reforzo e ampliación: con elas pretendemos dar resposta á diversidade presente na aula e tamén para fortalecer os reforzos do alumnado con necesidades educativas específicas, consolidando os contidos básicos ou eliminando determinadas problemáticas coas primeiras e elevando o nivel de afondamento e motivación coas segundas. Exemplos destas actividades poderían ser elaboracións de actividades con aparellos tecnolóxicos ou pequenas investigacións ou informes críticos.

Actividades de síntese: a medida que o alumnado gañe en autonomía propoñemos actividades máis complexas que permitan afondar máis en certos contidos, á vez que resulten significativas e motivadoras para elas e eles.

Actividades complementarias e extraescolares: Como exemplos de actividades complementarias teremos especial interese na celebración do *¿Día das Letras Galegas¿*, que no próximo curso 2022-23 coincide co centenario da creación do Seminario de Estudos Galegos, co que sería magnífico podermos aproveitar a circunstancia para afondar arredor das Irmandades da Fala e do SEG cun traballo de investigación. Tamén se podería ligar esa circunstancia para propoñer a realización dun traballo por proxectos en grupo onde se analizase o papel da muller nas letras galegas e noutras profesións, que serviría para traballar aspectos transversais de suma importancia. Outros traballos serían:

Como namoraban as nosas avoas e diferenzas coa actualidade; As interferencias das novas tecnoloxías no galego: emoticonas e chat. Outros días que tamén se poderían ter en conta son, por exemplo, o 26 de setembro, Día europeo das linguas, ou o 21 de febreiro o Día da lingua nai. E tamén, e dentro do favorecemento dun enfoque interdisciplinario, colaborárase co outros departamentos nas actividades que se poñían.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. Baía Edicións.
Castro, Rosalía de (2019) Escritos feministas. Fundación Rosalía de Castro.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Edicións Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. Baía Edicións.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2002) Historia da literatura medieval galego-portuguesa. Sotelo Blanco.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013) Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2014) Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Edicións Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Edicións Xerais de Galicia.
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Teide
Lingua Galega E Literatura 3. ESO. Edudynamic: Anaya
WEBS
Aulas Galegas.Galego (https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/)
Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro (https://rosalia.gal/)
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. (http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2)
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora (https://rinoceronte.gal/dicionario/)
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora (https://rinoceronte.gal/dicionario/)

Dicionario da Real Academia Galega (http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do)
Dicionario visual interactivo (www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
Fundación Curros Enríquez (http://www.currosenriquez.es/)
Historia da Literatura Galega. AS-PG (http://literaturagalega.as-pg.gal/)
https://certaspalavras.pt/
Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro (https://open.spotify.com/playlist/2SjGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b)
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg)
Aprendemos catalán: https://www.youtube.com/watch?v=G51_FkWfFK8&ab_channel=CouchPolyglot
Biblioteca Dixital da Galicia Medieval: http://ilg.usc.gal/bgm/
Recursos da lingua galega: http://ilg.usc.gal/bgm/

A execución desta metodoloxía estará en relación cos diferentes xeitos de agrupamento e organización do espazo que empregaremos segundo os obxectivos que queiramos atinxir, mais neste apartado limitaremonos, unicamente, a citalos. Son os seguintes: agrupamento individual (indicado para a resolución de tarefas que non impliquen contidos actitudinais), en parella (cando a tarefa esixa concentración mais á vez queiramos traballar determinadas actitudes como a colaboración), en pequeno grupo (resulta idóneo para a aprendizaxe por descubrimento) e en gran grupo (que implica a todo o grupo-clase e tórnase como perfecto para o tratamento de contidos de carácter actitudinal, así como a realización de actividades de avaliación inicial).

Os medios e os recursos didácticos

Ao longo do curso trataremos de empregar unha ampla variedade de medios e recursos didácticos que nos axuden a optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, ao tempo que resulten atractivos e motivadores para o noso alumnado.

Por razóns funcionais, neste apartado clasificaremos os recursos educativos polo tipo de soporte. Así, en primeiro termo cómpre falar daqueles cun soporte tradicional como é o caso de materiais convencionais como textos didácticos ou o encerado. Ademais, introduciremos o uso da prensa e manexaremos dicionarios e libros de lectura como novelas, escolmas de textos, etc.

Entre os materiais en soporte dixital deberemos nomear os medios audiovisuais como vídeos, presentacións ou fotografías. Deste xeito contribuiremos a que, na medida do posíbel, se vexa coherente a defensa do uso das TIC, tendo en conta, como xa dixemos, que na aula dispomos dun taboleiro dixital. Por tanto, e en consecuencia con iso, destacará de maneira sobranceira entre os recursos a utilizar a rede, sobre todo como instrumento para a procura de información coa fin de que o alumnado adquira as capacidades básicas para discriminar información e traballar de xeito autónomo e funcional. Ligado a iso, tamén fomentaremos, na medida do posíbel, a entrega e a presentación das actividades -sexan individuais ou en grupo- en soporte dixital. Isto podería permitir, ademais, que o noso alumnado tivese acceso a unha parte do material elaborado polos seus compañeiros a través do uso dun cartafol compartido nunha plataforma como pode ser E-Dixgal ou un Drive e, tamén, que puideran sincronizar mellor os tempos á hora de traballar en equipo.

No referente aos espazos o proceso de ensino-aprendizaxe desenvolverase, fundamentalmente, na aula de referencia do grupo, aínda que de xeito puntual botaremos man doutros espazos como a aula de informática, a sala de usos múltiples ou a biblioteca do centro. Mais tamén trataremos de sacar partido a espazos e recursos que nos proporciona o entorno, como as visitas ao entorno natural e monumental ou a asistencia a exposicións e conferencias que poidan ser de interese.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico... constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais dun minuto de duración a partir dun texto fonte dado pola docente.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	10	10	15	10	10	10	10	100
Proba escrita	30	30	20	35	40	20	30	55	40	34
Táboa de indicadores	70	70	80	65	60	80	70	45	60	66

Criterios de cualificación:

---- Cualificación trimestral

A cualificación trimestral obtérase do seguinte xeito:

60% Probas escritas

10 % Traballos, caderno, proxectos

10% Lecturas obrigatorias

20% exposición oral planificada e espontánea

---- Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media ponderada das notas medias dos tres trimestres. Alén disto, o alumnado poderá optar a ter un 5% pola súa participación en actividades de Dinamización Lingüística e un 10% por lecturas voluntarias. A puntuación parcial por cada unha delas será 0,25. Esta nota sumarase á nota obtida na cualificación ordinaria do curso.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter cualificación de 5 puntos ou superior despois de sumar á media ponderada das tres avaliacións a puntuación pola súa participación en actividades de dinamización lingüística e polas lecturas obrigatorias.

Criterios de recuperación:

Realizaranse tres avaliacións ordinarias no curso.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación entre elas. Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase media ponderada entre as tres avaliacións sendo o 30% para a 1ª, outro 30% para a 2ª e un 40% para a 3ª avaliación.

En todas as avaliacións, e durante a terceira especialmente, dedicaranse sesións a actividades de apoio, reforzo, e ampliación.

Criterios de recuperación: O alumnado que suspenda unha avaliación terá a opción de facer unha proba de recuperación da avaliación suspensa. A nota da recuperación será a que se utilice para o cálculo da cualificación ordinaria do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, que serán distintas ás empregadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis rixidos para que a alumna/o siga implicada/o na materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, impresoras, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, empregaranse outros medios dixitais como a aula virtual, ABALAR e/ou

Edixgal.

f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se ache actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán entregar dous traballos no remate das vacacións de Nadal e Semana Santa, os cales conterán os contidos mínimos de avaliación.. Caso de suspenderen ou non entregaren, terán que presentarse á proba escrita que convoque Xefatura de estudos. A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se a/o profesor/a o considerar oportuno.

Para este alumnado coa materia pendente, utilizaranse os mesmos instrumentos de avaliación que para o resto do alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

Nesta etapa e neste curso debemos integrar e incluír a todas e todos na nosa programación, sen deixar ninguén fóra, creando dentro do noso ecosistema de aula un tecido resistente e individual, marcando, coa axuda do compás, camiños que favorezan o avance de todas e todos.

Coa volta á normalidade, despois duns anos marcados pola pandemia, vemos como aumentaron o número de pupitres nas aulas e como diminúen as compañeiras e compañeiros de viaxe. Isto complica as intervencións que debemos facer co alumnado, tanto con necesidades educativas especiais como co alumnado desmotivado, ben por falta de interese, ben pola etapa vital que vive. Trataremos de chegar a todas e todos, compartir viaxe e chegar con ventos novos, mais vai ser unha viaxe difícil.

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema

educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Durante este curso escolar, 2022-2023, en 3º ESO temos:

- Alumnado con síndrome Aperger;
- Alumnado con discapacidade auditiva;
- Alumnado con discapacidade motora.
- Alumnado con TDAH;

Alumnado con síndrome de Asperger

A nosa metodoloxía con este alumnado será:

- Poñer moita énfase no aspecto organizativo.
- Anticipar aos cambios.
- Sentar ao alumnado nas primeiras filas e facerlle preguntas de seguimento da materia e das tarefas.
- Empregar o traballo cooperativo e visual.
- Darlle tempo para acabar as tarefas e os exames, con preguntas claras e concisas.
- Diminuír a carga de tarefas.
- Seguir as directrices que marque o D.O. e a familia.

Medidas de actuación coa alumna con discapacidade auditiva

A nosa metodoloxía con este alumnado será:

- Procurar ter sempre unha sonoridade e iluminación o máis adecuada posible, tendo en conta que a luz natural débelle dar de costas ao alumnado para ver á persoa que fala.
- Buscar a localización idónea da alumna con respecto ao seu profesor ou á profesora e aos seus compañeiros ou compañeiras de xeito que vexa ben o profesorado e os compañeiros e compañeiras, para que poida decatarse do que din e participar da conversa.
- Falar de fronte cunha articulación clara e ter a alumna preto cando se fala ou se explica ao grupo.
- Tentar reducir o ruído ambiental e tamén procurar o máximo silencio posible antes de iniciar calquera explicación.
- Antes de dar unha mensaxe ou unha explicación, asegurar a atención da alumna.
- Apoiar o contido das explicacións ou dos relatos co maior apoio visual posible (láminas, viñetas, murais, libros, taboleiros, medios audiovisuais) e acompañar a linguaxe oral con xestos naturais e corporais.
- Escribir no encerado as palabras máis específicas ou de uso pouco habitual que se van a utilizar na explicación e escribir un esquema desta para que a alumna siga mellor.
- Asegurar o seguimento das conversas de grupo. É necesario inducir a súa participación e asegurarse de que capta e comprende ben as achegas dos seus compañeiros e compañeiras. - Empregar un 'calendario de anticipación' no que

se represente a secuencia da actividade do día. Nas actividades non previstas, procurarlle unha información continua e completa dos acontecementos.

- Seguir as directrices que marque o D.O. e a familia.

Medidas de actuación co alumno con necesidade específica de apoio pola súa discapacidade motora:

A nosa metodoloxía con este alumnado será:

- Establecer ritmos de traballo apropiados ás súas posibilidades, axustando as propostas escolares á súa capacidade de resposta e ao seu nivel de rendemento, ofrecendo, se é preciso, máis tempo para acabar as tarefas ou para emitir unha resposta.

- Seleccionar, así mesmo, os procedementos e instrumentos axeitados para a súa avaliación, adaptando tamén os tempos necesarios.

- Prever con antelación os materiais que necesitará para levar a cabo unha determinada tarefa, proporcionando só as axudas imprescindibles.

- Combinar tarefas máis arduas con situacións de distensión que o motiven, valorando, non só os resultados, senón tamén o esforzo e o proceso levados a cabo. Propoñer ao alumnado situacións nas que poida percibir os propios éxitos como resultado exclusivamente da súa habilidade e competencia.

- Fomentar o traballo cooperativo e en grupo en todo o alumnado, reforzando as aprendizaxes e as relacións positivas entre eles.

- Seguir as directrices que marque o D.O. e a familia.

Medidas de actuación co alumnado con TDAH

O alumno con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.

-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.

-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.

-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

-Propor exercicios variados.

-Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.

-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

-Reducir e fragmentar as actividades.

-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

-Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.

-Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.

-Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.

-Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X		
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X	X	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X			X		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico					X	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X		X	X	X		X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X

	UD 9
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontro con autoras e autores	Ao longo do curso, sempre cando for posible, fomentaremos un encontro cunha autora ou autor relacionados coas obras literarias obxecto de lectura.			
O Rexurdimento en Ourense	Actividade para coñecer a cidade dende un punto de vista literario e cultural. Tamén unha viaxe no tempo onde estarían paseando Curros, Lamas, Álvarez de Novoa, Filomena Dato...			
Exposición sobre o centenario do SEG do Consello da Cultura Galega	De ser posible, trataríamos de asistir á exposición sobre o centenario do SEG e máis coñecer a casa de Rosalía de Castro, figura fundamental da nosa cultura.			

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das tres por curso, unha por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixiadas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.

22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino aprendizaxe das fillas ou fillos.

23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa

realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recollen todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos inclúiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	3º ESO	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introducción

Tendo en conta:

- A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu importantes modificacións na lei educativa, no currículo, na ordenación e na organización das ensinanzas na educación secundaria obrigatoria.

- A RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24. Na súa disposición derradeira quinta, referida ao seu calendario de implantación, establece que as modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos e programas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato se implantarán por completo no curso que se inicie dous anos despois da súa entrada en vigor, é dicir, no curso 2023/24.

- O DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O profesorado do sistema educativo galego non podemos permanecer alleos a estes continuos cambios que deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, con diferentes enfoques para adaptar a formación aos requisitos actuais e futuros.

E por iso a necesidade de actualizar a programación didáctica da materia de Matemáticas para o curso 3º da ESO para que en todo momento saibamos o que, o como e o cando ensinar e o que, o como e o cando avaliar..

Con esta programación da materia intentarase:

1. Planificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe da materia xestionando as competencias, obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e instrumentos de avaliación para evitar actuacións improvisadas e pouco coherentes.
2. Asegurar a coherencia do desenrolo, unha estrutura coherente coas características do ensino e das circunstancias en que se produce (o tipo de Centro e a zona na que se atopa, as características dos/as alumnos/as e das súas familias, etc).
3. Facilitar a motivación e a implicación dos/as alumnos/as no seu propio proceso de aprendizaxe, así como o traballo en equipo.
4. Incorporar as TIC e medios audiovisuais, e mellorar a organización e xestión de tempos e espazos na aula.
5. Proporcionar elementos de análise, reflexión, revisión e avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado.
6. Atender a diversidade de intereses, motivacións, características, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo as actividades de reforzo e ampliación.
7. Proporcionar elementos de análise, reflexión, revisión e avaliación da práctica docente.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DO IES 12 OUTUBRO. 3ºESO

O I.E.S. "12 de Outubro" é un centro de ensino secundario situado no barrio da Ponte, un dos máis antigos da cidade de Ourense. Trátase polo tanto dun centro veterano cun perfil de alumnado de extracción urbana periférica ou semirural na súa maioría, de nivel socioeconómico medio ou medio baixo e cun persoal docente estable.

Esta programación vai dirixida a os dous grupos existentes no IES de 3º ESO.

- O alumnado do grupo A está conformado por 26 alumnos/as, dos cales 2 son repetidores, (1 deles coa materia de 2º pendente).

- O alumnado do grupo B está conformado por 26 alumnos/as dos que 9 están cursando un programa de diversificación curricular polo que non asisten a materia de matemáticas no grupo de referencia. No grupo ordinario de 17 alumnos/as non hay alumnado coa materia pendente.

- En principio non consta alumnado con necesidades educativas especiais (pendente da avaliación inicial).

As instalacións do centro están bastante ben acondicionadas dixitalmente. Posúen ordenador, canon e cámara para apoiar o traballo diario na aula. Existe aula de informática. O uso da aula virtual para o profesor e o alumnado é diario, así como utilización dos teléfonos móbiles para uso didácticos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os Números racionais	Nesta unidade faráse un repaso de N, Z e das súas operacións. Traballaremos os números racionais ,o concepto ,e as operacións en Q respectando a xerarquía, e as súas propiedades e problemas que se resolven mediante o uso de números racionais.	11	18	X		
2	Potencias e raíces	As operacións con potencias , as súas propiedades e as expresións con radicais, a súa transformación, simplificación, e operacións son obxecto desta unidade.	10	15	X		
3	Problemas aritméticos	Nesta unidade trátase a proporcionalidade simple (directa, inversa)e composta , repartos proporcionais, mezclas en diferentes contextos así como tamén a matemática financeira.	6	10	X		
4	Sucesións	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao tratamento das sucesións de cara á identificación de patróns e á obtención de fórmulas e termos xerais.	1	3	X		
5	Expresións alxébricas. Polinomios e produtos notables	Esta unidade está dedicada ao traballo alxébrico: expresións alxébricas, produtos notables e ás operacións con polinomios, incluíndo a regra de Ruffini e a factorización.	10	19		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Ecuacións e sistemas	A resolución de ecuacións lineais e cadráticas e de sistemas lineais e a súa aplicación á resolución de problemas trátanse nesta unidade.	10	20		X	
7	Funcións e gráficas. Funcións lineais e cadráticas	Nesta unidade trabállanse as funcións lineais e cadráticas, a súa representación gráfica e a dedución de información relevante a partir das súas diferentes expresións.	8	11		X	
8	Movementos no plano	As transformacións elementais (xiros, translacións e simetrías) son o obxecto desta unidade.	1	2			X
9	Problemas métricos no plano	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo da xeometría plana (lonxitudes, áreas, teorema de Pitágoras, teorema de Tales) en problemas contextualizados.	3	10			X
10	Corpos xeométricos	Nesta unidade trátanse as figuras xeométricas tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.	8	12			X
11	Azar e probabilidade	Esta unidade traballa a probabilidade e os seus conceptos máis relevantes (espazo mostral, sucesos, fenómenos deterministas e aleatorios, regra de Laplace...) e a resolución e problemas contextualizados.	8	9			X
12	Táboas, parámetros e gráficos estatísticos	O desenvolvemento desta unidade orientase cara o traballo estatístico: a análise, interpretación e elaboración de táboas e gráficos, os conceptos de probación e mostra, e a obtención de conclusións e toma de decisións en problemas contextualizados.	4	8			X
13	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo, traballo individual, colaborativo etc e que se traballarán ao longo de tódalas unidades do curso. Peso igual para cada avaliación	20	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os Números racionais	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións de números N,Z,e organizando os datos dados e representando a información, cando é preciso, para facilitar a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de N, Z e Q e as súas operacións aplicando a xerarquía das operacións e utilizando a ferramenta adecuada según tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes na aplicación dos números racionais noutras materias (p. ex. Música), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Expresa coherentemente as solucións e operacións utilizadas cando o s exercicios así o requiran		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Aplicación de diferentes formas de representación de números, incluída a recta numérica. Obtención da fracción xeratriz dun número decimal. - Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema. - Relacións. - Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces. - Padróns. - Padróns: identificación e comprensión, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
2	Potencias e raíces	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de potencias ou raíces , realiza as operacións básicas e as súas propiedades organizando os datos dados e representando a información, cando é preciso, para facilitar a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de potencias ou raíces aplicando as súas propiedades e utilizando a ferramenta adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema de propiedades de potencias ou raíces dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes na aplicación das potencias e as raíces noutras materias (p. ex. TICs), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Expresa coherentemente as solucións e operacións utilizadas cando o s exercicios así o requiran		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema. - Transformación e simplificación de expresións con radicais. - Relacións. - Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces. - Patróns. - Patróns: identificación e comprensión, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos.

UD	Título da UD	Duración
3	Problemas aritméticos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directamente proporcionais e elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de proporcionalidade directa calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes).		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado modificando a constante de proporcionalidade utilizada.		
CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso.		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre as proporcións e outras materias (p. ex. Química), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Expresa coherentemente as solucións e operacións utilizadas cando o s exercicios así o requiran		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Razoamento proporcional. - Desenvolvemento e análise de métodos para resolver problemas en situacións de proporcionalidade directa, inversa e composta en diferentes contextos (aumentos e diminucións porcentuais, rebaixas e subidas de prezos, impostos, cambios de divisas, cálculos x - Educación financeira. - Interpretación da información numérica en contextos financeiros sinxelos. - Aplicación do Interese simple e composto en problemas contextualizados. - Métodos para a toma de decisións de consumo responsable atendendo ás relacións calidade-prezo e ao valor-prezo en contextos cotiáns. - Organización e análise de datos. - Recollida e organización de datos de situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable.

UD	Título da UD	Duración
4	Sucesións	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de sucesións de números naturais relacionando os termos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	PE	100
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes nos termos dun problema de sucesións dado modificando, segundo o caso, a diferenza ou a razón.		
CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece patróns nos termos dunha sucesións e descompón un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre os termos das sucesións e outras materias (p. ex. Economía ou Bioloxía), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema de termo xeral de sucesións dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións para que quede modificado o termo xeral.		
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza datos e descompón o termo xeral dun problema de sucesións en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións. - Identificación de patróns e regularidades numéricas. Progresións aritméticas e xeométricas. - Patróns. - Patróns: identificación e comprensión, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. - Fórmulas e termos xerais: obtención mediante a observación de pautas e regularidades sinxelas e a súa xeneralización. - Modelo matemático. - Modelización de situacións da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.

UD	Título da UD	Duración
5	Expresións alxébricas. Polinomios e produtos notables	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece patróns e descompón un problema de cadrados de binomios en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	PE	100
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas mediante expresións alxébricas comunicando correctamente o proceso.		
CA4.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa expresións alxébricas usando diferentes ferramentas (Geogebra, Calc etc.) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece e emprega con precisión e rigor as expresións alxébricas sinxelas presentes na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Patróns. - Patróns: identificación e comprensión, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. - Fórmulas e termos xerais: obtención mediante a observación de pautas e regularidades sinxelas e a súa xeneralización. - Transformación de expresións alxébricas. Identidades notables. - Modelo matemático. - Modelización de situacións da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Igualdade e desigualdade. - Realización de operacións sinxelas con polinomios. Regra de Ruffini. Factorización de polinomios. - Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas.

UD	Título da UD	Duración
6	Ecuacións e sistemas	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba, sen resolver, a corrección das solucións dunha ecuación e dun sistema de ecuacións.	PE	100
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Resolve sistemas de ecuacións desde a perspectiva de igualdade xénero e interpreta o resultado obtido.		
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Modifica sistemas de ecuacións lineais e resolveos graficamente comparándoos.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula a expresión alxébrica de ecuacións e sistemas a partir dun enunciado. Resolve ecuacións e sistemas de ecuacións seleccionando o método máis axeitado.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir	Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ecuacións e sistemas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Patróns. - Transformación de expresións alxébricas. Identidades notables. - Modelo matemático. - Modelización de situacións da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Igualdade e desigualdade. - Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá. Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous. - Procura de solucións en sistemas lineais de dúas ecuacións e dúas incógnitas en problemas contextualizados. - Uso da tecnoloxía para a resolución de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas. - Pensamento computacional.

UD	Título da UD	Duración
7	Funcións e gráficas. Funcións lineais e cadráticas	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e cadráticas a partir das súas ecuacións. Estuda as propiedades relevantes destas funcións a partir das táboas e gráficas.	PE	100
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir	Recoñece as relacións lineais e cadráticas en situacións da vida real e representaas a partir da súa ecuación.		
CA4.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Utiliza software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións e funcións. - Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación. - Identificación de funcións lineais e cadráticas e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas. Identificación dos seus elementos característicos. - Identificación de relacións cuantitativas en situacións da vida cotiá e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan. - Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas. - Dedución da información relevante de funcións lineais e cadráticas a partir das súas diferentes expresións. - Uso da tecnoloxía para a construción e a representación de funcións. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. - Uso de calculadoras gráficas e distintos programas para a construción e representación de funcións.

UD	Título da UD	Duración
8	Movimentos no plano	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas aplicando transformacións no plano.	PE	100
CA3.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante transformacións no plano.		
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións entre as transformacións do plano e o campo da arte.		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa vectores e as transformacións no plano con ferramentas dixitais e manipulativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Movimentos e transformacións. - Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica. - Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).

UD	Título da UD	Duración
9	Problemas métricos no plano	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas contextualizados de cálculo de lonxitudes, áreas, volumes ou/e capacidades en figuras planas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos (T. de Tales, T. de Pitágoras).	PE	100
CA2.2 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Realiza conexións entre diferentes procesos matemáticos relacionados coa medida en figuras planas aplicando extratexias para a toma de decisión do grao de precisión requirida.		
CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións do mundo real susceptibles de ser formuladas mediante conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmos baseadas en estimacións clasificando correctamente os elementos usados.		
CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa figuras planas usando diferentes ferramentas (lapis e papel ou programas gráficos, p. ex. Geogebra) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA3.3 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Describe, clasifica e representa figuras xeométricas planas aplicando distintas ferramentas para a súa construción (lapis e papel ou programas de xeometría, p. ex. Geogebra).		
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre figuras xeométricas planas correctamente clasificadas e outras materias (p. ex. Tecnoloxía) recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medición. - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o cálculo de lonxitudes, áreas, volumes e capacidades en formas planas e tridimensionais. - Estimación e relacións. - Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións. - Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

UD	Título da UD	Duración
10	Corpos xeométricos	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Recoñece, plantexa e resolve problemas tipo dos que se plantexan na ayula ou nas fichas referidos ao tema a tratar	PE	100
CA2.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas de cálculo de volúmenes e áreas de figuras tridimensionais.		
CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións do mundo real, relacionadas co cálculo de medidas, susceptibles de ser resoltas mediante estratexias de estimación e grao de precisión.		
CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa obxectos tridimensionais con diferentes ferramentas que permitan visualizar as súas propiedades.		
CA3.2 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñece a relación entre unha figura tridimensional e o seu desenvolvemento no plano, empregando ferramentas manipulativas.		
CA3.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece figuras xeométricas tridimensionais do mundo real e clasifícaas correctamente.		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa con ferramentas dixitais figuras xeométricas compostas para o estudo das relacións numéricas.		
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba as solucións obtidas no problema recoñecendo a validez ou non, dos resultados para esa situación particular.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Medición.

Contidos

- Representación e modelización de obxectos tridimensionais para visualizar as súas propiedades e resolver problemas con eles.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o cálculo de lonxitudes, áreas, volumes e capacidades en formas planas e tridimensionais.
- Estimación e relacións.
- Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións.
- Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.
- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.
- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.
- Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas.
- Patróns.
- Patróns: identificación e comprensión, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos.
- Modelo matemático.
- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.

UD	Título da UD	Duración
11	Azar e probabilidade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece as principais agrupacións e recontos de elementos de combinatoria.	PE	100
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma autónoma analizando patróns, propiedades e relacións.	Investiga conxecturas en experimentos aleatorios a través de experiencias sinxelas.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula probabilidades de sucesos empregando as propiedades da probabilidade e a regra de Laplace.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica a probabilidade experimental coa frecuencia relativa dun suceso e recoñece a súa utilidade en avances científicos e sociais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica a súa interpretación da probabilidade utilizando a linguaxe asociada á incerteza de experimentos aleatorios.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece e emprega con precisión os conceptos de fenómenos deterministas, fenómenos aleatorios, espazo mostral e suceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Aplicación de estratexias variadas para facer recontos sistemáticos en situacións da vida cotiá. Introducción á combinatoria. - Incerteza. - Identificación de fenómenos deterministas e aleatorios. Espazo mostral e sucesos. - Interpretación da probabilidade como medida asociada á incerteza de experimentos aleatorios. - Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace. - Estudo das propiedades básicas da probabilidade e resolución de problemas contextualizados. - Planificación e realización de experiencias sinxelas para analizar o comportamento de fenómenos aleatorios. - Asignación de probabilidades a partir dos resultados dun experimento aleatorio. Frecuencia relativa e probabilidade. - Papel do cálculo de probabilidades en distintos avances científicos e sociais.

UD	Título da UD	Duración
12	Táboas, parámetros e gráficos estatísticos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma autónoma analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñece os principais tipos de mostraxe e organiza datos dados dunha variable continua, agrupándoos en intervalos e construíndo a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización, posición, dispersión e o coeficiente de variación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable continua e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística desta unidade recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas. - Recollida e organización de datos de situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante o uso de diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións móbiles...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. - Inferencia. - Formulación de preguntas adecuadas para coñecer as características de interese dunha poboación. - Diferenciación entre poboación e mostra en problemas contextualizados. Selección e representatividade da mostra en casos sinxelos. - Presentación de datos relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas. - Obtención de conclusións razoables a partir dos resultados obtidos, co fin de emitir xuízos e de tomar decisións adecuadas en problemas contextualizados.

UD	Título da UD	Duración
13	Matemáticas para a vida en sociedade	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A Metodoloxía didáctica son o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar o ensino-aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos pretendidos

En consonancia co anterior, as liñas mestras de actuación no proceso ensino-aprendizaxe proposta polo departamento de Matemáticas para o presente curso académico basearanse nunha metodoloxía activa, procurando co alumnado participe tódolo posible na clase ,favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, e intentando que as matemáticas capten ó máximo o seu interese.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supón que debémos :

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
4. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
5. Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado
6. Intentar que o alumnado presente deben unha actitude favorable para aprender significativamente.

Para conseguilo ao longo dos trimestres como profesores necesitaremos asumir unha serie de accións, que nos leven a decidir utilizar a máis adecuada para cada contido e en cada momento e así conseguir adaptarse aos distintos ritmos e niveis de aprendizaxe . Ademáis de organizar do mellor modo a aula e as ferramentas dixitais para facer rendibles ao máximo os recursos dispoñibles.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1º Por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

2º-Fomentarse a participación e a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e aprender a corrixir os erros cometidos dun xeito autónomo .Para elo traballaranse as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.

3º- Introduciranse os contidos a partir de necesidades, intereses capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e as alumnas Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil. Os/as alumnos/as aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas. Así percibirán a utilidade dos conceptos e contidos en cada unidade

4º-Promoverase a interacción participación e colaboración de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos para facilitar a construción de aprendizaxes significativas para que así sexan conscientes das vantaxes que na superación da materia supón o feito de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo. Ao mesmo tempo que se favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.

As liñas metodolóxicas xerais deberán:

- * Contribuir a adquisición dos conceptos con certo rigor matemático a medida que o alumnado avanza.
- *Permitir practicar as destrezas e rutinas conseguidas recentemente e consolidar as conseguidas con anterioridade.
- * Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- * Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
- *Desenvolver destrezas numéricas básicas e o desenvolvemento de competencias xeométricas, así como estratexias persoais que lles permitan enfrontarse a diversas situacións problemáticas da vida cotiá.
- * Buscar, seleccionar e tratar a información.
- * Fomentar a confrontación clara, respectuosa
- * Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- * Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- * Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados cun vocabulario o máis específico posible de termos e notacións matemáticas.
- * Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- * Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios e as liñas metodolóxicas dos que falamos anteriormente teñen por finalidade contribuír, por un lado, a unha axeitada comprensión dos contidos matemáticos en conexión con contextos do mundo real e significativos para o alumnado e, por outro, ao desenvolvemento das competencias clave.

Pero debémos describir de maneira un pouco máis precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica. A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando

diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica e que usaremos en distintos momentos ao longo do curso según as necesidades .

1.A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

2.Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada. A exposición por parte do profesor é útil e necesaria e debería empregarse para orientar, suxerir, estimular, etc., evitando sempre que sexa posible que o alumno se converta nun mero receptor pasivo. As preguntas e respostas que se intercambian o profesor e os alumnos, durante a explicación, deberían constituír un diálogo. Hai que ter en conta todas as respostas inda que sexan incorrectas ou non se axusten ás expectativas do profesor; a análise dunha resposta incorrecta ou inesperada pode conducir a un fructífero debate e a unha mellor comprensión, por parte do profesor e dos alumnos, de malentendidos e interpretacións erróneas específicas

3.Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Para facilitar a comprensión da asignatura, hai que desenrolar experiencias prácticas axeitadas as súas capacidade e os seus coñecementos. E recoñecer a resolución de problemas como unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas.

Para a súa resolución hai que abordar unha serie de pasos: análise do problema e emisión de hipóteses, busca de estratexias, resolución, comprobación das hipóteses. Pero antes de todo isto, é preciso traducilos a termos matemáticos apropiados. Este primeiro paso é esencial e suscita serias dificultades a moitos alumnos. É tarefa do profesor axudarlles a entender en cada momento como deben aplicar os conceptos e destrezas que están aprendendo e como usalos na resolución dos problemas. Tendo en conta as dificultades que conleva, é de esperar que a maioría dos alumnos, antes de abordar por escrito os problemas máis sinxelos, necesiten moito tempo de discusión e traballo oral.

4.Método tutorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

5.Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

6.Método colaborativo

Intenta favorecer a aprendizaxe mediante a participación, a reflexión, tanto individual como grupal para iso é importante a proposta de traballos en grupo ante problemas que estimulen a curiosidade e a reflexión dos alumnos, xa que lles permiten desenvolver estratexias de defensa dos seus argumentos fronte aos dos seus compañeiros e compañeiras e seleccionar a resposta máis axeitada para a situación problemática formulada.

A adecuada elección do alumnado do grupo pode favorecer estratexias para traballar a diversidade.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

- Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

- Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

- Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

- Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Matemáticas 3º ESO, Operación mundo. Editorial Anaya
Caderno de clase/o alumna/o
Apuntes e material fotocopiado, elaborados polo profesorado ou adaptados polo departamento.
Fichas, elaboradas polo/a profesor/a , de actividades de consolidación, reforzo e ampliación.
Calculadoras de tipo elemental, científico e gráficas.
Materiais manipulativos: periódicos, revistas , material xeométrico, planos e mapas
Dotación da aula : ordenadores , canón de video encerado dixital, pupitres, encerado,...
Aula de informática e biblioteca do IES.
Aula virtual ,Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula equipada con ordenador , encerado dixital e encerado tradicional na que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática e na biblioteca nas que haberá libros de consulta e ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web. Webs do alumnado para Matemáticas da E.S.O. que inclúan: Recursos xerais que poden utilizarse ao longo do curso: exercicios complementarios, lecturas interesantes relacionadas cos contidos, follas de cálculo, Programas informáticos (GeoGebra, etc). Recursos para cada unidade, con contidos de repaso, actividades, proxectos de traballo, autoavaliacións, problemas guiados, autoavaliacións inicial e final, resumos e enlaces a programas para xerar contidos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao alumnado de 3º ESO, ao comezo do curso , realizaráselle durante a segunda quincena de setembro ou primeira de outubro unha avaliación inicial que poderá consistir en :

- Nunha proba escrita baseada en contidos mínimos de 2º da E.S.O. referida a cuestións numéricas e operacionais incluíndo tamén supostos e problemas e algunha cuestión de razoamento lóxico e a cuestións elementais relacionadas co mundo físico e natural da contorna e o medio ambiente. OU

- A observación e resultados da realización na primeira semana de fichas de repaso, así como do historial académico na materia do alumnado

Estas probas xunto coa observación profesional da profesora pretende coñecer o lugar de partida dos alumnos coa fin de que a aprendizaxe sexa unha liña continua que:

- Ademais de permitir a adecuación ao nivel medio dos alumnos, a avaliación inicial posibilitará a detección de problemas máis serios que se solventarán, coa configuración dos grupos de reforzos , adaptacións curriculares en casos máis complicados coa axuda do Departamento de Orientación.

Os resultados so se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino aprendizaxe a realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectara a cualificacións dos alumnos.

Na sesión de avaliación inicial do alumnado de 3º E.S.O. terase en conta a información :

1.Facilitada polo departamento de Orientación, sobre a situación familiar , social, e as necesidades educativas que podan presentar.

2.Que nos proporcione a proba escrita realizada ao grupo ou as fichas de repaso feitas na clase, xunto coa observación profesional e diaria nas aulas.

3. Recollida da observación do expediente académico e dos informes individualizados do curso anterior do alumnado, nos que constará a competencia curricular na materia de Matemáticas, as dificultades de aprendizaxe presentadas e as medidas de atención á diversidade aplicadas, se fose o caso.

Unha vez diagnosticadas, tanto a nivel individual como a nivel de grupo, as deficiencias existentes e as súas causas, a sesión de avaliación inicial é o marco propicio para establecer as medidas que permitan corrixir na medida do posible tales deficiencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	11	10	6	1	10	10	8	1	3	8
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	4	20	100
Proba escrita	100	100	0	80
Táboa de indicadores	0	0	100	20

Criterios de cualificación:

1. Instrumentos de avaliación.

A).Observación directa da súa actitude cara a materia.(OBS)

B).Revisións periódicas do seu caderno de traballo (CAD)

C) Traballos individuais. Exercicios para entregar (TI)

D) Traballos en grupo (TG)

E) Preguntas Oraís (PO) frecuentes con saídas ao encerado ou contestación escrita de preguntas

F) Probas escritas (PE) que poden ser:

- Dunha ou máis unidades didácticas anunciadas con anterioridade.
- Pequenas probas escritas dirixidas a todo o grupo sen avisar para constatar os concepto recentes entendidos.

2.Procedemento de avaliación.

a) Seguimento da avaliación continua diaria: Observación directa e control da realización dos exercicios e o seu caderno persoal na aula e do traballo diario individual proposto para a súa realización na casa.

b) Seguimento da avaliación continua de cada alumno/a (coas diferentes ferramentas anteriormente descritas).

3. Criterios de cualificación.

A) A cualificación obtida por un alumno/a ao final de cada avaliación parcial virá determinada, en función dos seguintes apartados:

- Media Ponderada dos Exames ou probas escritas (PE) (polo menos 2 cada avaliación) que conformará ao 80% da cualificación (Os exames ou probas escritas serán cualificados de 0 a 10.)
 - A valoración conxunta dos instrumentos : (OBS), (CAD), (TI), (TG) e (PO) que significará o outro 20% restante.
- O alumnado aprobará a avaliación si a media ponderada (tal como se indica) das cualificacións obtidas nesa avaliación é 5 ou superior e suspenderá si é inferior a 5.

B) Avaliacións parciais (3) ao longo do curso e as súas recuperacións :

1. Unha 1ª e unha 2ª avaliación parcial, que serán cualificadas utilizando os criterios de avaliación xa sinalados anteriormente.

O alumnado que suspenda a 1ª ou a 2ª avaliación terá o correspondente PROGRAMA DE RECUPERACIÓN que consistirá: .

- Entrega da resolución dun conxunto de exercicios que a profesora lles propondrá realizar na casa. Será dirixido obrigatoriamente ao alumnado que suspenda dita avaliación (a súa cualificación poderá representar ata un punto na nota da recuperación da avaliación) e de xeito voluntario para o resto do alumnado (esfuerzo que se verá reflectido positivamente na cualificación da seguinte avaliación no apartado : (TI))
- Realización dunha proba escrita sobre a materia da 1ª (ou da 2ª) avaliación, na data fixada pola profesora e que será esixida a todo o alumnado do grupo como afianzamento da materia e, cualificable como proba (parcial) escrita para a 2ª (ou 3ª) avaliación do grupo . A cualificación desa proba escrita determinará qué alumnado recupera a primeira avaliación (cualificación non inferior a 5) e qué alumnado continúa sen recuperala (cualificación inferior a 5).

2. Unha terceira avaliación parcial:

Aproximadamente ao final do mes de maio (dependendo das necesidades da materia), remataranse (se é posible) as unidades programadas para impartir na 3ª avaliación así como os exames, controis etc. pertinentes para a súa cualificación. Nestas datas determinarase que alumnado aproba a parte da materia correspondente a esta avaliación e que alumnado a suspende por non acadar os mínimos esixibles, estando vixentes os mesmos criterios que nas anteriores avaliacións. Así mesmo, consignarase o alumnado que teña superada a totalidade da materia e o alumnado que teña partes dela sen superar. Tendo en conta que :

Cada alumno/a superará finalmente a materia se se considera que acadou os obxectivos das tres avaliacións ao longo do curso, e dicir cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos en cada unha delas. (A nota final obterase de facer a media das notas das 3 avaliacións, sempre o enteiro por defecto). En caso contrario seguirá o programa de recuperación para a avaliación final.

Convén aclarar que, na materia de Matemáticas, o dominio dunha parte do programa non implica que se dominen tódalas anteriores. En consecuencia, é totalmente posible que haxa casos que teñan superada a terceira e non as anteriores. Ou nos que a nota final sexa inferior á nota da terceira avaliación.

No caso de que algún alumno/a sexa sorprendido durante o curso nalgunha situación pouco ética na realización de algún exame (copiando: con apuntes, exame dun compañeiro, móbil ,etc.) a cualificación da proba será de 0. Os seguintes exames realizaríalos; si a profesora así o require; de xeito oral

Criterios de recuperación:

1) A recuperación da 1ª e 2ª avaliación está relectida no apartado anterior

2) RECUP 3ª e FINAL.

No mes de xuño realizaranse as seguintes actividades obrigatorias de recuperación, dirixidas ao alumnado que non superou algunha das tres avaliacións:

- BOLETÍN, no que figurara os exercicios esixibles segundo as avaliacións a recuperar para realizar na aula e na

casa. Representará un 10% da cualificación da recuperación.

- EXAME final obrigatorio de recuperación da materia do curso ou das avaliacións pendentes de recuperar. Representará un 90% da cualificación da recuperación

En xeral considerarase aprobada a materia cando, o alumno/a obteña unha media ponderada igual ou superior a 5 puntos nestas actividades en cada unha das avaliacións que deba superar.

Non obstante, poderase aprobar con algunha avaliación suspensa, despois de realizar as actividades de recuperación, (tendo en conta o interese e o esforzo persoal levado a cabo nelas) e se a media das tres avaliacións é igual ou maior que 5.

2) PLAN (voluntario en xuño) PARA A MELLORA DA CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO QUE ACADOU UNHA AVALIACIÓN FINAL POSITIVA DA MATERIA .

- BOLETÍN de actividades que realizado satisfactoriamente, poderá redondear a alza (Ex de 7,5 pasaría a 8) a súa cualificación final.
- EXAME da materia do curso nas condicións establecidas pola profesora. E sempre que a cualificación do exame así o xustifique, poderá subir ata 1 punto a cualificación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En aplicación da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no seu capítulo 51. (Modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro) elaborárase un Plan de reforzo para o alumnado de 4º da ESO que pase de curso coa materia de matemáticas de 3º ESO sen superar, nas condicións que a citada Orde establece.

O Plan de reforzo será elaborado e levado a cabo polo profesorado responsable da materia de Matemáticas de 3º de ESO que a alumna ou o alumno ten pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico que velará pola súa realización ao longo do curso. Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Así mesmo, será un Plan que se adapte ás particularidades do alumnado destinatario. A xefa do departamento (coa colaboración do profesor que imparte a materia en 4º ESO) deberá informar ao alumnado implicado no citado Plan ao comezo do curso.

Este Plan establece que a materia a recuperar dividírase en dúas partes e que :

- 1. Nos meses de Xaneiro e Abril (aproximadamente), realizaranse dous exames parciais relativos a cada unha delas. Os exames serán propostos e corrixiados pola profesora de 3º de ESO e levados a cabo pola xefa do departamento. En cada parcial serán entregadas unha serie de actividades polo profesor/a responsable da materia a recuperar (3º ESO), que será o encargado de supervisalas (coa colaboración do profesor do 4º da ESO). Estas actividades deberán ser realizadas e entregadas polo alumnado antes da data dos parciais correspondentes. Si están correctamente resoltas poderán supoñer ata 1 punto na cualificación final do parcial que se pretende superar. A materia quedará avaliada positivamente se son superados os dous parciais (cualificación igual ou superior a 5).

- 2. No caso contrario, o alumno ou alumna terá unha nova convocatoria antes da sesión da 3ª avaliación. Nesta realizará un exame de toda a materia ou do parcial pendente de superar, a data deste exame será fixada polo departamento, ou pola Xefatura de estudos e posta en coñecemento do alumnado coa suficiente antelación.

A materia quedará avaliada positivamente cunha cualificación igual ou superior a 5, e negativamente (non será superada a materia) cunha cualificación inferior a 5.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.

En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva (cualificación igual ou superior a 5) no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

- 3. O departamento considera que, as Matemáticas na E.S.O son unha materia onde os contidos pódense considerar en xeral de carácter progresivo, por tanto no caso en que un alumno ou alumna que teña pendente a materia de 3º aprobe a materia de 4º, quedaralle automaticamente aprobada a pendente. Tendo en conta que :
“Si na avaliación final a materia pendente non se supera e a do curso ordinario si; a cualificación da materia pendente será a media ponderada do 70% da obtida no curso ordinario e o 30% da cualificación obtida nos exames e nos traballos solicitados na materia pendente, sendo a cualificación da pendente sempre como mínimo un 5 ”.

6. Medidas de atención á diversidade

Para formular as medidas de atención á diversidade e inclusión nos grupos de 3º da ESO no que se imparte docencia terase en conta o que para este alumnado está regulado na ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así mesmo rexerémonos polo Plan Xeral de Atención a Diversidade do propio centro.

Este decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. E que na aula debemos distinguir os tipos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo .

Para levar a cabo unha correcta atención o profesorado que imparte a materia de 3º da ESO na materia de Matemáticas encargarse de:

- 1-Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos, ben por dificultades de comprensión, ben por padecemento dalgún trastorno ou síndrome, ou ben por altas capacidades intelectuais semelle, que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.
- 2-Propoñer, na correspondente xunta de avaliación inicial, visto os informes do curso anterior e o resultado das probas realizadas, ao alumnado que precisa algún tipo de medida de atención na materia de Matemáticas. Se observamos carencias importantes os profesores dos cursos informarán ao Departamento de Orientación para definir as liñas de actuación para atender a estes alumnos
- 3- Participar, na xunta de avaliación inicial, na selección do alumnado de terceiro curso da ESO que precisa reforzo na materia de Matemáticas para incorporalos ao grupo de reforzo ou apoio (de existir). Neste curso , temos concedido o plan Proa+, que servirá de reforzo e apoio do alumnado con dificultades na materia (preferentemente destinado ao alumnado coa materia pendente)
- 4- Atender a alumnado con altas capacidades ou con dificultades que non se engloben entre as xa descritas. Dado que estas dificultades poden ser de moi diverso tipo (leves ou graves, informadas ou sobrevidas, pasaxeiras ou permanentes, específicas ou xerais), non é posible establecer pormenorizadamente as actuacións que se levarían a cabo en cada caso.
- 5-Colaborar coas profesoras de Pedagogía Terapéutica (PT) e o departamento de Orientación nos apoios que que desenvolvan, informándoas das carencias e problemas de aprendizaxe máis importantes que presenta cada un dos alumnos afectados pola medida, achegándolles os mínimos esixibles que debe alcanzar o alumnado afectado, pasándolles o material que precisen e procurando a maior coordinación posible co que se está facendo no grupo de referencia.

En xeral utilizaremos unha serie de accións entre as que se poden subliñar :

1) A nivel individual

- Atención individualizada na aula..
- Realización de exercicios con distintos niveis de dificultade, mediante fichas de apoio, reforzo ou ampliación.
- Realización de traballos colaborativos en grupos homoxéneos ou heteroxéneos, segundo as necesidades.
Se eflexionei e avaliei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais), se tiveren en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersoal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicACIÓN.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introducción

Esta programación está destinada aos dous grupos de 3º ESO do IES 12 de Outubro, un centro urbano situado no barrio da Ponte. O grupo de 3º ESO A está composto por 26 alumnos/as e o de 3º ESO B inclúe a 17 alumnos/as. No que respecta á situación socioeconómica do alumnado cómpre suññar que, a nivel xeral, segundo a súa procedencia os alumnos/as da ESO, son naturais do barrio da Ponte, barrio eminentemente obreiro, e pertencen a familias cun nivel socioeconómico medio.

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercer a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. Sen embargo este curso é preciso facer unha adaptación de contidos xa que o alumnado de 3º ESO no curso pasado -2ºESO LOMCE- centrouse no estudo da Idade Media ata o século XV. En historia resulta imposible comprender os cambios acontecidos no s. XVIII no que se centra o novo currículo (Revolución Francesa e Revolución Industrial) sen estudar as transformacións acontecidas ao longo dos séculos XVI e XVII da Idade Moderna, que se abordarán antes de comezar a explicar as transformacións do XVIII.

Os contidos do curso están estruturados en tres bloques. O primeiro bloque, "Retos do mundo actual", no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfronta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3	3	4	1-2-4-5	1	1	3	4
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2	3	2	1-2	4	1-3	1-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.	2-3		3-4-5	1-5	3	3-4	1	1-4
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.	1-3	2	1	1-2	2	1-2-3-4	1	1-4
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	1-5	3	2	1-3-5	1-3	1-2	3	1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	1-5	3	1-3	1-3	3	1-2-3	1-3	1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	2-5	3	2-4	1-2	1-3	1-2-3		1-2-3
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.	2		1-4-5	4	2-5	1-2-3	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2-5		2	1-3	1	1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As paisaxes cambiantes. Lembra...O medio físico	Lémbrense os mapas físicos e abórdanse os problemas medioambientais da Terra. A emerxencia climática e a conciencia ecosocial.	8	8	X		
2	Construíndo Europa. A organización política dos Estados	Trata de estudar os rexímenes políticos e a organización dos estados e, en concreto, o Español e indicar a importancia das Institucións para velar pola paz e seguridade.	8	9	X		
3	Unha revolución dixital global. A organización da economía	Trata de coñecer os diferentes sistemas de organización económica e pode abordarse a produción e o traballo. Cabe abordar o deber de entendernos dentro dun mundo globalizado.	8	9	X		
4	Un mundo de migrantes. Os movementos de poboación	Trata do fenómeno da globalización os seus aspectos positivos e negativos e as súas consecuencias derivadas dos desprazamentos da poboación no mundo actual, a multiculturalidade e posibles conflitos ideolóxicos e étnico culturais, diversidade e mestizaxe.	8	8	X		
5	Os sectores económicos. Sector primario, sector secundario e sector terciario	Análise dos tres sectores económicos e a súa importancia na economía global. Retos de futuro	8	9		X	
6	Un modelo para o século XXI. A UE na economía global	Trata de explicar o papel da UE na economía global e o papel económico de España dentro da UE.	8	9		X	
7	Desafíos e incertezas. A economía española	Analiza os retos da economía española na actualidade e as particularidades de Galicia. Cambios dos modos de vida e dos	8	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Desafíos e incertezas. A economía española	modelos de organización social. Así mesmo se aborda a diversidade social e a cohesión a non discriminación cun fincapé na igualdade de xénero.	8	9		X	
8	Un mundo desigual e ameazado? O desenvolvemento sustentable	Análise sobre a viabilidade do noso modelo de crecemento. As desigualdades que xera e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible.	10	9		X	
9	O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo Ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol.	10	9			X
10	As Revolucións burguesas. A Revolución industrial e mentalidade capitalista unha nova organización social de clases.	As ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. Así mesmo coa revolución industrial estúdase a derivada do capitalismo e a nova sociedade de clases. O rol das mulleres na época das revolucións.	10	9			X
11	A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.	Trata dos primeiros monarcas Borbón en España, o reformismo ilustrado de Carlos III e a guerra e revolución liberal en España. A importancia da Constitución de 1812. Restauración borbónica.	8	9			X
12	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya.	Trata de coñecer as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación coa arte clásica. Faise fincapé na figura independente de Goya para que se analicen as pinturas de temática histórica relevantes.	6	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As paisaxes cambiantes. Lembra...O medio físico	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do medio natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo mural sobre medio ambiente, identificando e describindo aceptablemente as principais características e causas e consecuencias do seu deterioro.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo no que indique como pode contribuír a mellorar o medio ambiente e solucións se poden tomar a diferentes escalas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
2	Construíndo Europa. A organización política dos Estados	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente que é Estado, tipos de Estado, rexímenes e a organización territorial do Estado	PE	80
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando Saber e comprender que tipos de rexímenes existen, as diferenzas entre monarquía e república e como se organiza o Estado español.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais dun sistema democrático en antítesis ao ditatorial.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Realiza un exercicio escrito no que indique certas institucións do Estado e de asociacións que promoven un mundo máis seguro e unha mellor convivencia.	TI	20
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, no que plasma a importancia do sentido cívico, o respecto polas diferenzas e opinións dos demais e sobre o recoñecemento da muller.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo os problemas de convivencia que hai na súa contorna e as solucións que proporía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas

Contidos
<p>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</p> <p>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</p>

UD	Título da UD	Duración
3	Unha revolución dixital global. A organización da economía	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe e comprende cales son sectores económicos e cal é o da súa contorna.	PE	80
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe cal é o reparto dos diferentes sistemas económicos no mundo e indica trazos e características e o reparto do traballo.		
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Contesta a preguntas sobre os sistemas económicos e a súa evolución e a permanencia no tempo e é capaz de establecer certas relacións co mundo globalizado co dominio dunha economía liberal.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender a evolución dos sistemas económicos e interpreta medianamente algunha fonte de información.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente o reparto desigual do traballo e o relaciona cos movementos poboacionais.	TI	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo sobre a función do Estado nas crises económicas e a tendencia dos sistemas económicos pola globalización.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
4	Un mundo de migrantes. Os movementos de poboación	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de interpretar e identificar con certa seguridade mapas e gráficos sobre o Desenvolvemento Sustentable, mobilidade da poboación e distribución do traballo.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Responde a preguntas cun nivel suficiente sobre a mobilidade da poboación e a multiculturalidade e o respecto ás minorías.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre que é globalización, causas e aspectos negativos e positivos.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo escrito identificando e describindo a incidencia da globalización na economía mundial e a distribución do traballo e o mundo das tecnoloxía.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
5	Os sectores económicos. Sector primario, sector secundario e sector terciario	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza un exercicio escrito con preguntas sobre os sectores económicos e sobre os ODS.	PE	80
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber que tipos de poboamento hai en España e Galicia e como evolucionaron e cales son os problemas que presentan.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo, identificando e describindo aceptablemente as principais características espazo natural, rural e urbano da súa contorna.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con soltura un traballo sobre os problemas do despoboamento rural e o crecemento das cidades e a súa relación co medio ambiente.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura un informe sobre o seu compromiso coa contorna e o poboamento humano e indica os retos futuros explicando con certa claridade o influxo económico e laboral no poboamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos

Contidos

- dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
6	Un modelo para o século XXI. A UE na economía global	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza un exame escrito no que identifica bastantes características da paisaxe de Galicia, España e Europa e indica algúns condicionamentos para a actividade económica.	PE	80
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar os sectores produtivos de Galicia, España e a UE e as potencialidades agrícolas de España e Galicia en relación á UE.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura gráficas e mapas nas que se plasmen as zonas por sectores de produtividade e tamén fai, entende e explica suficientemente os datos dunha gráfica temática.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza o exercicio escrito sobre a evolución dos sectores produtivos e os retos de futuro e como estes van ligados ao cambio no medio natural.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura unha proposta de traballo no que expoña as características da zona onde vive e as actividades económica da súa contorna e como condiciona o medio á economía.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de realizar con certa soltura un informe sobre como poder aproveitar o medio de Galicia, España e a UE que sexa respectuoso co Desenvolvemento Sostible.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de facer un traballo sobre o abandono de certos sectores económicos e a tendencia á terciarización, así como as repercusións no mundo laboral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
7	Desafíos e incertezas. A economía española	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz enumerar algunhas das características da poboación de España e Galicia e propón certas solucións aos problemas.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender os descritores da poboación e as características da economía de España, Galicia.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	É capaz de realizar unha entrevista simulada sobre a discriminación social das minorías e das mulleres e tamén achega algunhas solucións para evitalas.		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Traballa en equipo e achega ideas con certa claridade para elaborar un traballo sobre a violencia de xénero e os problemas das minorías e tamén elabora entrevistas simuladas a colectivos de mulleres.	TI	30
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elabora con certa claridade un informe, tras recollida de datos na súa contorna, da poboación sobre a procedencia e é capaz de expresar iniciativas para a súa integración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
8	Un mundo desigual e ameazado? O desenvolvemento sustentable	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características da economía global	PE	80
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio e determinar cal dos ODS se deben cumprir ao respecto.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender como evolucionou a actividade económica, os axentes económicos e os retos do futuro.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo sobre a necesidade dun aproveitamento do medio respectuoso recoñecendo que obxectivos do Desenvolvemento Sostible hai que cumprir.	TI	20
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo como se distribúe a riqueza económica e o traballo e achega algunha solución ao desigual reparto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

Contidos
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
9	O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións planteadas no exame sobre o Antigo Réxime e as súas características políticas, económicas e sociais.	PE	80
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Realiza con certo nivel de coñecemento un exame escrito sobre o concepto de Ilustración e sinala algunha das súas críticas ao Antigo Réxime e medios de difusión.		
